De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2015, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación VIDA DIGNA», que se compromete a prestar atención ás persoas en situación de emerxencia ou risco de exclusión social, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica, cun servizo de comedor social os fins de semana e festivos durante todo o ano. Atenderá tamén ás persoas que sexan derivadas pola Concellería de Política de Benestar para axuda de alimentos por medio de paquetes quincenais que comprendan alimentos básicos e, ademais, bocadillos diarios e paquetes adaptados semanalmente a persoas sen fogar ou que non teñen acceso a cociñar.

SEGUNDA.- A Asociación comprométese tamén a colaborar na coordinación dos recursos sociais participando activamente na organización "REDESS"; en especial, incluíndo os datos da actividade na plataforma informática de "REDESS", administrada polo Departamento de Política

de Benestar do Concello de Vigo, e a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación VIDA DIGNA» unha subvención para o exercicio de 2015 por importe de 45.000€ prevista nominativamente nos seus Orzamentos.

No exercicio de 2016 concederáse a mesma cantidade (45.000€), sempre que se cumpran os obxectivos propostos e exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dese ano. En todo caso, a Concellería de Política de Benestar resérvase a facultade de instar a modificación para o exercicio de 2016 dos conceptos subvencionables, por razóns xustificadas de interese público, co pronunciamento previo da Comisión mixta de Seguimento deste Convenio e adopción do correspondente acordo pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- Polo período de vixencia do Convenio, o Concello de Vigo, achegará a cantidade de 45.000€, que irán con cargo á partida 2310.489.00.12 do exercicio de 2015 e outros 45.000€ para o exercicio de 2016, subordinada á existencia do crédito necesario nos orzamentos dese ano.

QUINTA.- Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:

1. No ano 2015, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2016, o 50% da cantidade anual no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro de cada un dos dous exercicios (2015 e 2016), mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da Asociación e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de Servizos sociais ou persoa na que delegue.

UNDÉCIMA.- A «Asociación VIDA DIGNA» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DUODÉCIMA.- A «Asociación VIDA DIGNA» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do 30 de novembro de cada un dos dous exercicios, a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

- 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
- 2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
- 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
- 4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*

- Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- A «Asociación VIDA DIGNA» queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

5(277).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS” PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DOS CENTROS ESPECÍFICOS PARA PERSOAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 103895/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.02.15, o informe de fiscalización do 9.03.15, dáse conta do informe da técnica do Servizo de Benestar Social, do 20.02.15, conformado pola xefa de dito Servizo, que di o seguinte:

Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo ven traballando nos últimos anos coa “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas dos centros específicos que atenden ás persoas en estado de necesidade.

Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política de Benestar do ano 2015 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 - “Convenio Banco de Alimentos”, por un importe de 43.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Para garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos da “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”, estímase conveniente que o convenio en cuestión teña carácter plurianual (2015 – 2016).

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo” para os exercicios de 2015 e 2016.

Dáse conta, igualmente, da proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 24.02.15, conformado polo xefe de Área e a concelleira delegada da Área de Política de Benestar e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Visto o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte. ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo” (CIF G36899375) por importe de 86.000€, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 - Convenio Banco de Alimentos.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo” (2015-2016) para a atención das necesidades básicas dos centros específicos para persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos e outras axudas.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por un importe total de 86.000€ con cargo á indicada aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 e autorizar, ó abeiro da Base nº 26 das de execución dos orzamentos para 2015, a modificación das porcentaxes de imputación presupostaria a teor do Art. 174.3 do TRLRFL, que quedará do seguinte xeito: 100% (43.000€) con cargo ó orzamento de 2015 e outro 100% (43.000€) ó de 2016, condicionado neste caso á existencia de crédito axeitado, suficiente e nominativo no orzamento dese próximo exercicio a favor da “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO” (2015 – 2016)».

En Vigo, na Casa do Concello, o de de 2015

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Pedro Pereira Carballo, con DNI nº 33.105.786-T, Presidente da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», NIF nº G-36899375, con enderezo para os efectos de notificación no camiño de Moiania, Nave 1-3, na parroquia de Sárdoma, de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Pedro Pereira Carballo, actuando en representación da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo do seu Padroado do 6 de xuño de 2012, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo é unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo a obtención, almacenamento, clasificación e distribución de alimentos a entidades e institucións (centros asistenciais, parroquias, comedores, asilos...) que teñan como fin axudar ás persoas necesitadas, proporcionándolles alimentos para atender ás súas necesidades primarias.

A Fundación constitúe un recurso social dentro do sistema público de servizos sociais da cidade de Vigo, por ser unha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo moi utilizado polos servizos sociais.

Non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das axudas obxecto da normativa de subvencións públicas e atópase ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a centros e entidades asistenciais para poder satisfacer, alomenos en parte, as súas necesidades básicas de alimentación. Ademais, este recurso constitúe un complemento dos que xa dispón o Concello como, por exemplo, os programas de emerxencia social.

III.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa

básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».

Ademais, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», que se compromete a colaborar coa Concellería de Política de Benestar na atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, facilitándolles ás entidades e centros específicos os alimentos necesarios para tentar cubrir as necesidades básicas daquelas.

SEGUNDA.- A Fundación comprométese tamén a colaborar na coordinación dos recursos sociais participando activamente na organización "REDESS"; en especial, incluíndo os datos da actividade na plataforma informática de "REDESS", administrada polo Departamento de Política de Benestar do Concello de Vigo, e a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no Art. 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» unha subvención para o exercicio de 2015 por importe de 43.000€ prevista nominativamente nos seus orzamentos, que irán con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13. No exercicio de 2016 concederáse a mesma cantidade (43.000 €), sempre que se cumpran os obxectivos propostos e exista crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

CUARTA.- Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio (2015 – 2016), efectuaráanse do seguinte xeito:

–No ano 2015, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2016, o 50% da cantidade anual no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

–O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro de cada un dos dous exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

QUINTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SEXTA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

NOVENA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da Fundación e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área (ou persoa na que delegue).

DÉCIMA.- A «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A Fundación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEGUNDA.- A xustificación da subvención concedida deberá facerse consonte coas previsións contidas nos Arts. 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no Art. 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto, a beneficiaria comprométese a presentar no Rexistro xeral municipal, antes do 30 de novembro de 2015 de cada un dos dous exercicios, a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos. Presentará unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
 - 2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
 - 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
 - 4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:**

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.*
- *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no Art. 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO TERCEIRA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO QUINTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SEXTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do Art. 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro desta na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO OITAVA.- A «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

DÉCIMO NOVENA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

6(278).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DOS POSTOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5472/551.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do vogal do TEA, do 10.03.15, conformado polo xefe o Servizo de Mercados e o concelleiro delegado Comercio, que di o seguinte:

En Vigo, a 9 de marzo de 2015, e en relación có asunto que consta na cabeceira, redáctase o presente baseado nos seguintes

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o sete de febreiro de 2015 (APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN O SORTEO DOS POSTOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5472/551), dictou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente as bases para o sorteo dos postos do Mercado do Progreso que figuran coma ANEXO I da presente proposta, outogándolles aos interesados o prazo de dez días para efectuar alegacións e suxerencias ás mesmas.

SEGUNDO.- Notificar o presente Acordo e os seus Anexos aos titulares de concesións de dominio que figuran como Anexo II do presente.”

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o vinteseite de febreiro de 2015 (APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O SORTEO DOS POSTOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPED 5472/551), dictou o seguinte acordo:

“(…)CARTO.- Aprobar definitivamente as bases para o sorteo dos postos do Mercado do Progreso que figuran coma ANEXO I ó presente e as tarifas unitarias mensuais dos postos para 2015 que figuran coma ANEXO III.

QUINTO.- Remitir copia do presente Acordo ós titulares de concesións de dominio vixentes que figuran no Anexo II ó presente, xunta con plano da planta do Mercado e cota individualizada mensual para o 2015 dos postos obxecto de sorteo.

SEXTO.- Fixar para o día catro de marzo ás 13:00 horas o límite para a presentación das propostas ás que se refire a base segunda do sorteo. A dita presentación se realizará no Rexistro Xeral deo Concello de Vigo e entregaráse unha copia nas dependencias do Tribunal Económico-Administrativo, situado no primeiro andar do Concello, onde se asinará o recibín da mesma.(…)”

A citada base segunda establecía:

“SEGUNDA.- Si con anterioridade á data do sorteo, todos os adxudicatarios dunha mesma tipoloxía presentan proposta conxunta de adxudicación asinada por todos eles, os da dita tipoloxía xa non serán sorteados e serán adxudicados conforme coa dita proposta.”

SEGUNDO.- Pola Asociación Profesional de Empresarios Autónomos Mercado do Progreso de Vigo foron entregadas propostas de adxudicación de todas as tipoloxías asinadas por todos os adxudicatarios que figuraban no Anexo II das Bases aprobadas, agás para os espazos destinados a cafetería e panadería por innecesarios, toda vez que para cada unha das ditas tipoloxías non existe máis que un adxudicatario. Así pois, procede a adxudicación dos postos conforme á seguinte táboa

POSTO	NIF	expediente	Nome	COTA 2015
BP01	35974660S	216/551	Julia Quinteiro Quintas	235,00 €
BP02	36037159T	156/551	María Dolores Oya Amoedo	235,00 €
BP03	76893295V	192/551	Marli Rodríguez Lemos	235,00 €
BP04	36037159T	157/551	María Dolores Oya Amoedo	235,00 €
BP05	36043560F	199/551	Mª Carmen Alonso Gonzalez	235,00 €
BP06	36043560F	197/551	Mª Carmen Alonso Gonzalez	235,00 €
BP07	36043560F	198/551	Mª Carmen Alonso Gonzalez	235,00 €
BP08	35998898B	154/551	Mª Carmen Oya Amoedo	235,00 €

POSTO	NIF	expediente	Nome	COTA 2015
BP09	36141242P	183/551	Penélope Rodríguez Besada	175,00 €
BP10	36087410L	213/551	Vicenta Galiana Rodríguez	175,00 €
BP11	36007650T	185/551	María Teresa Marcos Vidal	175,00 €
BP12	52495893A	179/551	Ana Belén García Rivera	175,00 €
BP13	36095838Y	219/551	José Manuel Mariño Castro	175,00 €
BP14	36043560F	195/551	M ^a Carmen Alonso Gonzalez	175,00 €
BP15	36043560F	196/551	M ^a Carmen Alonso Gonzalez	151,00 €
BP16	36045627G	180/551	Susana Quevedo González	151,00 €
BP17	36097265F	5180/551	M ^a Alsira Lorenzo Costas	151,00 €
BP18	35996792K	177/551	María del Pilar Collazo Barreras	151,00 €
BP19	36020137K	212/551	Estela Araujo Castro	151,00 €
C01	36080781Z	210/551	Fernando Manuel González Rodríguez	380,00 €
C02	36096211B	150/551	Ricardo Pérez Prado	380,00 €
C08	36056832P	187/551	M ^a Rosario Doval Fernández	380,00 €
C09	36052781M	152/551	Raúl Fontán Villanueva	380,00 €
C12	36099677G	186/551	José Antonio Beltrán Castro	445,00 €
C13	35988281C	189/551	Gerardo Rodríguez Rodríguez	390,00 €
F1	36097117C	201/551	María Teresa Collazo Mayor	260,00 €
F2	36034320J	182/551	Manuel Rosario Gonzalez	260,00 €
F3	36059473G	209/551	María Pilar Alonso Quiñónes	280,00 €
F4	52500345Q	151/550	Rosa M ^a Lago Alonso	280,00 €
F5	B27714641	223/551	Planos desenvolvemento comercial	280,00 €
F6	36011020N	202/551	María del Pilar Táboas Pintos	280,00 €
F7	36027204G	190/551	José Luis Bugarín Hernández	280,00 €
F8	36045633X	203/551	María Manuela Táboas Pintos	280,00 €
P1 e P2	35990406Y	184/551	Jesús Abalde Guidanes	1.160,00 €
P3	78786245K	178/551	Gerardo Lens Fuentes	580,00 €

TERCEIRO.- No acordo do procedemento para o outorgamento das concesións da Xunta de Goberno Local, aprobado en Sesión que tivo lugar o 14 de setembro de 2009 reproducindo as normas que tiña aprobado en data 2 de marzo de 2009, condicionábase o outorgamento das concesións ó pagamento de certas cantidades e gastos. Ditas cantidades e gastos non son obxecto do presente, que se limita a outorgar as concesións condicionadas ós ditos pagamentos, sinón que requirirán un acordo ulterior da Xunta de Goberno Local.

CARTO.- No acordo de Xunta de Goberno Local de 27 de febreiro de 2015 se indicaba, no seu punto NOVENO, que unha vez asignados os postos, se notificará ós interesados, quen esdispoñan dun prazo adicional de dous días para posibles intercambios de postos coa conformidade de todas as partes implicadas.

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Béisbol na tempada 2014/2015.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Halcones de Vigo Beisbol Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Halcones de Vigo Beisbol Club unha subvención por importe de 15.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.14 mediante transferencia

bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2014/2015.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2014/2015, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2014/2015. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2014/2015, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en

materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

*O Alcalde de Vigo.
Asdo. Abel Caballero Álvarez*

*A Presidenta do Halcones de Vigo Beisbol Club
Asdo. M^a Isabel Villar de Dios*

12(284).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XVI TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO CONSTEST-ENDURO”. EXPTE. 13915/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.03.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Singletrack con CIF (G36850378), solicitou o día 11-02-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150017359) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XVI TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO CONTEST- ENDURO*
- Data: 15 de marzo de 2015*
- Horario:*
 - Inicio e fin evento:08.30h a 14.30h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará o domingo 15 de marzo ás 08.30h e rematará ás 14.30 horas, esta proba deportiva se levará a cabo nos montes de Coruxo..

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.*
- Seguridade.*
- Protección civil*
- Informe de autorización da Comunidade de Montes en man común de Chandebrito de data 5-02-2015 e informe de autorización da Comunidade de montes veciñais de Coruxo de data 10-02-2015*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas,

marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Singletrack con CIF (G36850378), a organizar o vindeiro domingo 15 de marzo de 2015, o evento deportivo denominado XVI TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO CONTEST- ENDURO, o evento deportivo se levará a cabo nos Montes de Coruxo, comezando ás 8.30h e rematando ás 14.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(285).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA (FOANPAS) PARA O ANO 2015. EXPTE. 16819/332.

Visto o informe xurídico do 18.02.15, o informe de fiscalización do 2.03.15, dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 12.02.15, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e Art. 80.1 e Art. 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) (BOE nº 312 do 30/12/2013), dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.*
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.*
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.*
- 25.2.m) Promoción da cultura.*

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiación autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da suscripción dun convenio de colaboración coa FOANPA, que é a federación das ANPAS imprantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

O convenio obxecto do expediente é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral e ao abeiro dos artigos 25 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, 88.1 LRXPA e 111 TRRL –no que ás entidades locais especificamente se refire–, poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados. O Concello de Vigo ostenta competencias para a realización das actividades ás que se refire o convenio para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 382011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbito educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPA están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concrépanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2015 .

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Foanpa, supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrom-

pido en exercizos anteriores dende hai máis de once anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, e dita entidade ten presentado a través do rexistro municipal en data 10/02/2015 e co nº de doc. 150016774 a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

O obxecto deste convenio non está comprendido nos contratos regulados no Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que, dacordo co disposto no art. 4 de dita norma, o convenio que nos ocupa queda fóra do seu ámbito e se rexerá polas súas normas especiais.

Toda vez que o convenio prevé unha disposición dineraria por parte do Concello de Vigo a favor da FOANPA, sen contraprestación directa desta, suxeita ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social – xestión de comedores, actividades extraescolares, formación de ANPAS e gastos de xestión da Federación- co cumprimento das obrigas pactadas no convenio, estamos en presenza da concesión directa dunha subvención á FOANPA por convenio que se rexe pola lei galega 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións (D.O. - G.A. 121 do 25 de xuño do 2007). O artigo 5.2, da lei de subvencións establece que a xestión das subvencións se realizará de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, sinalando o artigo 19 que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitaráse en réxime de concorrencia competitiva. Non obstante, o artigo 19.4 establece que poderán concederse directamente as subvencións previstas nominativamente nos presupostos das entidades locais co crédito adecuado e suficiente para a súa concesión, neste caso e conforme ás instrucións da Concelleira de Educación, con cargo á partida 3260.489.00.01 “Convenio Foanpa” que conta cunha dotación de 606.039,31.-€, pertencente ao orzamento municipal prorrogado de 2015.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia ven motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as Anpas legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPA sendo esta última a única federación de Anpas públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado á favor da Foanpa con carácter previo á xustificación, que ven motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxugar na financiación dos gastos de funcionamento e xestión da Foanpa, contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das Anpas de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2015. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e froitíferos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa Foanpa. Esta última ven actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das Anpas dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal no

Instituto Municipal de Educación (IME) que lle permite á Foanpa un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademáis da obrigada presentación por parte da Foanpa dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a Foanpa, o servizo municipal de educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación do convenio e con carácter previo a esta a aprobación do gasto segundo o artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións.

Achégase o texto proposto para que, tras o preceptivo informe xurídico e da Intervención municipal se someta á consideración da Xunta de Goberno Local:

“1º.- Autorizar o gasto a que da lugar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPA), que supón un custe de 606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS), a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPA (CIF: G-36.743.946), con cargo á partida 3260.489.00.01 (convenio FOANPA).

2º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que de deseguido se dí:

“PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA)”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

Doutra, dona Dolores Fernández Fernández, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 16819-332.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuito e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos.

Polo tanto, a LOE e a LOMCE recollen esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por elo a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2015, na súa partida 3260.489.00.01 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 606.039,31.-€, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) . O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

V.- Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2015.

VI.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 16819-332.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inquedanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1 Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.
- 2 Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.

- 3 *Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.*
- 4 *Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- 5 *Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.*
- 6 *Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*
- 7 *Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.*
- 8 *En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1. *Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de 606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS) pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:*
 - *PRIMEIRO PAGO: anticipado por importe de 200.000,00.-€ coa asinatura do convenio e antes do 30 de maio.*
 - *SEGUNDO PAGO: por importe de 203.019,65.-€ a fin de curso e antes do 30 de xullo, e*
 - *TERCEIRO PAGO: por importe de 203.019,66.-€, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.*
2. *O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.*

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da Foanpa, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Quinto.- *O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, sendo necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.*

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercizo económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.833.732,76.- euros (72.500.-€ dos gastos anuais de xestión da Foanpa, 1.009.881.-€ dos gastos das actividades extraescolares e talleres matinais e 1.751.351,76.-€ dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose

neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo, a FOANPA, comprométense a que na difusión da actividade e na edición de materiais conste a colaboración do Concello de Vigo.

Oitavo.- Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

Décimo.- O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta —a Federación— é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo primeiro.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, un/ha Técnico/a do Servizo de Educación do Concello de Vigo, un/ha funcionario/a do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario/a, e presidida pola Concelleira de Educación.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2015, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e taller matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que na-

que se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunta a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

Décimo terceiro.- A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A FOANPA está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Educación.

A FOANPA poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en ma-

teria de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a _____ de 2015.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(286).- DAR CONTA DE DÚAS RENUNCIAS E PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA LISTA DE AGARDA DE BOLSEIRAS PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA EOIV, CURSO 2014-2015. EXPTE. 16332/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 5.03.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 19 de Decembro de 2014, adoptou, o seguinte acordo: “Adxudicación e denegación das Bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, curso 2014-2015. (Expte 16332/332)”.

Asemade a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2015, adoptou o seguinte acordo: “Dar conta de renuncias de beneficiarios/as das bolsas do alumnado da EOIV e aprobación de novas adxudicacións da lista de agarda. (Expte. 16332-332)”.

•*A bolsaira Fatiha Agerb (expte IN-085) co NIE X-7256513-J, que resultou beneficiaria directa de lingua inglesa cunha puntuación total asignada de 12,50 puntos, presenta a través do rexistro xeral do Concello en data 27/02/15 e co nº de doc. 150024334 renuncia voluntaria á bolsa municipal adxudicada consonte ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 19/12/14, por non poder obter logo de xestións infructuosas o visado necesario para poder viaxar o cal fai inviable a súa participación na estadía de inmersión lingüística prevista desenvolver dende o vindeiro 29 de marzo ate o 11 de abril dos correntes.*

•*Igualmente a bolsaira de inglés Silvia Pérez Arosa (expte IN-082) co NIF 53188207-V), que resultou beneficiaria directa de lingua inglesa cunha puntuación total asignada de 13,00 puntos, presenta a través do rexistro xeral do Concello en data 02/03/15 e con nº de doc. 150024747 renuncia voluntaria á bolsa municipal adxudicada consonte ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 19/12/14, por recente incorporación laboral que fai incompatible disfrutar da estadía de inmersión lingüística prevista desenvolver dende o vindeiro 29 de marzo ate o 11 de abril dos correntes.*

Continuando o proceso e aplicando as bases da convocatoria para a selección de alumnado da EOIV aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 24/10/14, segundo recolle a base oitava "criterios de valoración" da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; en consecuencia procede propor como bolseiros/as directos ao 3º, e 4º integrantes da lista de agarda do idioma de inglés, os cales achegan a documentación requirida para aceptación da praza que se incorpora aos seus respectivos expedientes de cada un dos beneficiarios (aceptación expresa da praza segundo modelo do Anexo III, e contrato asinado coa empresa "Espazo Ensina" que presta un servizo que expresamente cumpre na súa integridade co programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV))

•A renuncia voluntariamente á bolsa de Inglés de Fatiha Agerb, pasa a ser cuberta e ocupada pola 3º integrante da lista de agarda de idioma Inglés (Londres), Mª Emilia de Alava Ayesa (expte. IN-008) co DNI 36.091.999-P, cunha puntuación total asignada de 12,50 puntos.

•A renuncia voluntariamente á bolsa de Inglés de Silvia Pérez Arosa, pasa a ser cuberta e ocupada polo 4º integrante da lista de agarda de idioma Inglés (Londres), Marcos Costas Sousa (expte. IN-102) co DNI 36.088.051-Q, cunha puntuación total asignada de 12,00 puntos.

Verificadas e acreditadas documentalmente as casuísticas particulares anteriormente expostas, resultan as seguintes modificacións recollidas a continuación e que non implican alteración do compromiso económico adoitado polo órgano competente:

AS DUAS BOLSEIRAS PROPOSTAS PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PRESENTAN A SÚA RENUNCIA. VOLUNTARIA SON AS SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN-085	Agerb	Fatiha	X-7256513-J	12,5
IN-082	Pérez Arosa	Silvia	53.188.207-V	13

OS DOUS INTEGRANTES DA LISTA DE AGARDA BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PASAN A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIROS DIRECTOS, SON OS SEGUINTE:

EXP-TE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUN-TOS	ORD E	Nº CONTA BANCARIA
IN-008	De Alava Ayesa	Mª Emilia	36.091.999-P	12,50	3º	ES04 0049 5393 1527 9377 7479
IN-102	Costas Sousa	Marcos	36.088.051-Q	12	4º	ES06 2080 5132 0930 0003 4596

Consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta das modificacións que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas "Concello de Vigo" para alumnado da

EOIV curso 2014-2015, as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

Por elo, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1. Dar conta das renuncias voluntarias ao desfrute das bolsas "Concello de Vigo", das beneficiarias de inglés, Fatiha Agerb co DNI X-7256513-J e Silvia Pérez Arosa co DNI 53.188.207-V.
2. Aprobar as incorporacións de M^a Emilia De Alava Ayesa co DNI 36.091.999-P como beneficiaria da bolsa de inglés, que acepta a praza como terceira integrante da lista de agarda de inglés, e a incorporación de Marcos Costas Sousa co DNI 36.088.051-Q como beneficiario da bolsa de inglés, que acepta a praza como cuarto integrante da lista de agarda de inglés.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(287).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DE VIGO. EXPTE. 16769/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.03.15, o informe de fiscalización do 4.03.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 6.03.15, conformado polo concelleiro de Educación e a concelleira de Facenda, que di o seguinte:

Mediante Resolución de inicio de expediente de 15 de xaneiro de 2015, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie "a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de teatro (EMT) do Concello de Vigo".

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira de Educación de 15/01/15 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico superior de Educación de data 15/01/2015.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 21/01/15 redactado polo técnico superior de Educación.
- Memoria xustificativa de data 21/01/15, redactada polo técnico superior de Educación.
- Informe complementario de 04/02/15 do técnico de Educación
- Informe de 04/02/15 da xefa do servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 04/02/15, redactado polo Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 05/02/15, redactado polo Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 13/02/15, redactado polo Servizo de Contratación.

- Informe da titular da Asesoría xurídica de 17/02/15
- Dilixencia de 20/02/15 do técnico de Educación
- Dilixencia de 25/02/15 da xefa do servizo de Contratación
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 25/02/15, redactado polo Servizo de Contratación, coas modificacións suxeridas no informe da Asesoría Xurídica.
- Informe-proposta de 26/02/15, de aprobación do expediente de contratación
- Informe de fiscalización da Intervención municipal de 04/03/15, con observacións
- Informe complementario do técnico de Educación, de 05/03/15
- Dilixencia de 06/03/15 da xefa do servizo de Contratación
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 06/03/15, redactado polo Servizo de Contratación, con modificacións suxeridas no informe da Intervención municipal

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: xestión parcial, desenvolvemento e impartición de docencia para as actividades de formación teatral que o Concello programa anualmente a través da Escola municipal de teatro (EMT).

Duración: catro (4) anos, máis dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 92.492,12 euros

Aplicación orzamentaria: 3230.227.99.03 "Escola municipal de teatro"

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSF). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSF deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de teatro, por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 21/01/2015 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 06/03/2015 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de teatro por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 369.968,48 euros (23.123,03 € na anualidade de 2015, 92.492,12 € nas anualidades de 2016, 2017 e 2018, e 69.369,09 € na anualidade de 2019) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola

municipal de teatro por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.03 ("Escola municipal de teatro").

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(288).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2015. EXPTE. 11663/77.

Mediante escrito do concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 5.03.15, en cumprimento co establecido nas bases xerais de execución do orzamento do Concello de Vigo, dá conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego durante os meses de xaneiro e febreiro de 2015, que son os seguintes:

<i>Expediente</i>	<i>Tipo</i>	<i>Asunto</i>	<i>Adxudicatario</i>	<i>Importe</i>
10768/77	CM SER	Contratación seguro contra roubo e incendio en centro propiedade municipal	Plus Ultra	504,03 €
11564/77	CM SUB	Subministro prensa nos centros asesoramento de Emprego	Xenérico	800,00 €
11565/77	CM SER	Servizos postais	Xenérico	500,00 €
11566/77	CM SER	Portes e mensaxería	Xenérico	500,00 €
11567/77	CM SUB	Consumibles informáticos centros de Emprego	Xenérico	4.000,00 €
11568/77	CM SUB	Adquisición materiais para obras en instalacións municipais	Xenérico	18.000,00 €
11570/77	CM SER	Publicidade e difusión dos programas Emprego	Xenérico	11.000,00 €
11571/77	CM SER	Cartelería, dpticos e outros materiais do PME	Xenérico	6.000,00 €
11577/77	CM SER	Elaboración informes subvencións	Método Consultores	6.720,00 €
11578/77	CM SER	Conexión á central de alarmas	Segurgal	295,51 €
11583/77	CM SER	Mantemento base de datos dos usuarios do servizo de Emprego	Hermes Sistemas	3.494,48 €
11589/77	CM SUM	Adquisición vestiario Vigo Emprega	Peycar	17.997,48 €
11590/77	CM SER	Curso "Xestión almacen"	Método Consultores	6.500,00 €
11593/77	CM SER	Curso "Manipulador medios mecánicos"	Forgal, S.L.	2.475,00 €
11594/77	CM SER	Curso "Inglés básico"	Forgal, S.L.	1.620,00 €
11595/77	CM SER	Curso "Creación de empresas"	Aevigo, S.L.	1.089,00 €
11596/77	CM SER	Curso "Cloud computing"	Aevigo, S.L.	1.000,00 €
11598/77	CM SER	Curso "Prevención riscos laborais"	Spril Norte, S.L.	12.210,00 €
11603/77	CM SER	Curso "Formación en terminais de punto de venda"	Aevigo, S.L.	4.779,50 €

11605/77	CM SER	Mantemento e reparación do equipamento informático e outros	Xenérico	17.000,00 €
11608/77	CM SER	Curso "Panadería" Vigo Integra II	Aproimppa	16.200,00 €
11620/77	CM SER	Inspección técnica obras municipais Vigo Emprega	Spril Norte, S.L.	1.270,50 €
11624/77	CM SER	Equipos para procesos de información Vigo Integra II	Xenérico	2.000,00 €
11625/77	CM SER	Reparación e mantemento mobiliario Vigo Integra II	Xenérico	1.500,00 €
11626/77	CM SUM	Consumibles informáticos Vigo Integra II	Xenérico	3.000,00 €
11628/77	CM SUM	Material de oficina Vigo Integra II	Xenérico	5.280,00 €
11631/77	CM SER	Información e publicidade Vigo Integra II	Xenérico	6.000,00 €
11632/77	CM SER	Formación básica para desempregados	Aevigo, S.L.	5.227,20 €
11634/77	CM SUM	Aluguer equipos informáticos Vigo Integra II	Xenérico	8.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(289).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL, IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO F-00473-C-006. EXPTE. 6693/224.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 5.03.15, conformado pola concelleira de Igualdade, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de "Vivendas tuteladas" ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: F-00473-C-006, F-00473-C-007, e F-00473-C-008.

O día 3 de marzo de 2015 o equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller emite informe no que se expón a problemática familiar de D^a María Josefina Golpe Carrera, vítima de violencia de xénero e acollida no Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero desde o día 29 de outubro de 2014, e se reflicte a necesidade de procurarlle un recurso alternativo de acollemento temporal a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido e conformado polos servizos municipais de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada co número F-00473-C-006, co obxecto de que D^a María Josefina Golpe Carrera con número de DNI 32651761 H a ocupe por un período de 6 meses, a contar desde o 16/03/2015, transcurridos os cales deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-006 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 6693-224, por un período de 6 meses, transcurridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(290).- PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E RÚA DOUTOR CORBAL”. EXPTE. 2864/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 24.02.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E RÚA DOUTOR CORBAL”. EXPTE. 2469/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E RÚA DOUTOR CORBAL”. EXPTE. 2469/440, a favor da mercantil UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU. E ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL., por un prezo total de 91.631,94 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E RÚA DOUTOR CORBAL”. EXPTE. 2469/440.

Con data 21 de novembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU. E ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 15 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. OSCAR PEREIRO TAIBO como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E RÚA DOUTOR CORBAL”. EXPTE. 2469/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E RÚA DOUTOR CORBAL". EXPTE. 2469/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E RÚA DOUTOR CORBAL". EXPTE. 2469/440, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU. E ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 13-11-2014
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 13-11-2014

Con data 24-02-2015 a dirección facultativa formada por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2014, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU. E ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL. con data 13-11-2014 e 13-11-2014 respectivamente e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 24-02-2015 asinados por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO

RODRÍGUEZ como directores facultativos nomeados para as obras de "HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E RÚA DOUTOR CORBAL". EXPTE. 2469/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E RÚA DOUTOR CORBAL". EXPTE. 2469/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(291).- PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA "HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR". EXPTE. 2865/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 24.02.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 10 de outubro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVENIDA PORTANET E CLARA CAMPOAMOR". EXPTE. 2590/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 17 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVENIDA PORTANET E CLARA CAMPOAMOR". EXPTE. 2590/440, a favor da mercantil ORECO, SA., por un prezo total de 170.826,91 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 19 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D^a. MARÍA FRANCISCA ARLANDIS MARRA como Directores Facultativos para a obra "HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVENIDA PORTANET E CLARA CAMPOAMOR". EXPTE. 2590/440.

Con data 19 de decembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil ORECO, SA.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 19 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. ROBERTO PÉREZ PROL como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVENIDA PORTANET E CLARA CAMPOAMOR". EXPTE. 2590/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 20 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVENIDA PORTANET E CLARA CAMPOAMOR". EXPTE. 2590/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que “cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato”.

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de “HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVENIDA PORTANET E CLARA CAMPOAMOR”. EXPTE. 2590/440, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil ORECO, SA. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 23-02-2015
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 23-02-2015

Con data 24-02-2015 a dirección facultativa formada por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D^a MARÍA FRANCISCA ARLANDIS MARRA de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2014, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil ORECO, SA. con data 23-02-2015 e 23-02-2015 respectivamente e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 24-02-2015 asinados por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D^a MARÍA FRANCISCA ARLANDIS MARRA como directores facultativos nomeados para as obras de “HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVENIDA PORTANET E CLARA CAMPOAMOR”. EXPTE. 2590/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de “HUMANIZACIÓN AVDA. DE CASTRELOS, ENTRE AVENIDA PORTANET E CLARA CAMPOAMOR”. EXPTE. 2590/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(292).- PROPOSTA PARA A INCOACIÓN DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS DE CARÁCTER RESERVADO A FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 43377/212.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do intendente-xefe da Policía Local, conformado polo concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O pasado 22 de xaneiro de 2015 publicouse na páxina web “ Defensa Ciudadana Activa. Blog de noticias de la Asociación Defensa Ciudadana Activa” (<http://democraciaactiva.eu/?p=719>), fotografías e un vídeo nas que aparece un suposto funcionario desta Policía, uniformado, recollendo o vehículo Audi TT, de cor branca, matrícula 5691 BXP, estacionado nunha praza de discapacitados na rúa Placer e levandoo para o garaxe Municipal.

A plataforma cidadá asegura que este proceder repetiuse polo menos os días 15,20 y 21, a primeiras horas da tarde e que remitiron denuncia voluntaria ao Concello de Vigo con copia a esta Xefatura.

Ainda que a esta Xefatura non chegou a anunciada copia, do vídeo publicado por esta plataforma e reproducido posteriormente por varios medios de comunicación aparece plenamente identificado o vehículo, o cal figura no rexistro de vehículos a nome do funcionario de policía con NIP 294097.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Primeiro.- *Os feitos, de resultar acreditados poden ser constitutivos dunha falta grave, tipificada no art. 80,d) da Lei 4/2007 , de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais:*

“ A infracción de deberes ou obrigas legalmente establecidos inherentes ao cargo ou función, cando se produzan de maneira grave e reiterada.”

Ou ben, no seu defecto, constituir un comportamento tipificado no apartado e) do mesmo artigo:

“ Os actos e condutas que atenten gravemente contra a dignidade dos funcionarios, contra a imaxe dos corpos da Policía local e contra o prestixio e a consideración debidos ao concello e á Xunta de Galicia.

Segundo.- *En relación aos feitos coñecidos ignoranse aínda ou non aparecen suficientemente acreditados elementos determinantes para a procedencia de iniciar ou non o procedementos disciplinario como poden ser os relacionados coa autenticidade da grabación, datas en que puideron acontecer os feitos e, no seu caso, se aínda están en prazo de esixencia de responsabilidade disciplinaria*

Así pois, procede de conformidade co art. 110.5 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a precitada Lei 4/1997, a apertura dunhas dilixencias informativas ao obxecto de practicar cantas resulten necesarias en orde á necesidade ou non de incoar expediente disciplinario , ou decidir o arquivo.

Terceiro.- Conforme ao disposto no artg. 127.1 h) da Lei 7/85 de base do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia en materia de réxime disciplinario.

En virtude de canto antecede, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao Concelleiro Delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

1º.- Ordenar a incoación de dilixencias informativas sobre os feitos publicados a partires do pasado 22 de xaneiro de 2015 na páxina web “ Defensa Ciudadana Activa. Blog de noticias de la Asociación Defensa Ciudadana Activa” (<http://democraciaactiva.eu/?p=719>), e reproducidos tamén por outros medios de información, nos que mediante fotografías e un vídeo vese a un suposto funcionario desta Policía, uniformado, recollendo o vehículo Audi TT, de cor branca, matrícula 5691 BXP, estacionado nunha praza de discapacitados na rúa Placer e levandoo para o garaxe Municipal, por se dos mesmos puidese seguirse a esixencia de responsabilidade disciplinaria ao funcionario de policía con NIP 294097, titular rexistral do vehículo.

2º. Nomear instrutor das mesmas ao Inspector Principal da Policía Francisco Javier Carballo Acuña e secretario ao Inspector José Bouzas Novas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(293).- PROPOSTA PARA APROBAR A BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), COMO DIPLOMADOS/AS EN TRABAJO SOCIAL. EXPTE. 26376/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 16/01/2015, aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, , do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), como Diplomados/as en Trabajo Social, Expte. 26096/220.

Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Asi mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias

previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista servirá como lista suplementaria da lista de substitucións derivada do proceso selectivo celebrado para a realización de nomeamentos interinos de Diplomados/as en Traballo social publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 31/05/2011, e terá validez ata que se convoquen as prazas desta mesma categoría incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2010-2011 pendente de executar, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento ou contratación cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 25/02/2015, formulou a correspondente proposta dos/as 24 aspirantes aptos para confeccionar a referida bolsa de emprego, segundo a seguinte relación:

Nº ORDE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	ANDRADE TELLO	MARTA	36147925K	19,937
2	SOTO GARCÍA	MARÍA DEL MAR	36140799W	19,687
3	CONS CASTIÑEIRAS	ALMUDENA	77409468R	19,187
4	DIAZ SANCHEZ	MARTA	36172105M	19,125
5	TORREIRO RODRÍGUEZ	TAMARA	45872713H	18,937
6	JUSTO RODRÍGUEZ	ÁNGELA	47361447P	18,812
7	MILETI RODRIGUEZ	EUGENIA	50752259E	18,125
8	GONZÁLEZ MORALES	SUSANA	36175037Q	17,937
9	BARRIL VÁZQUEZ	JESICA PATRICIA	36163533N	17,750
10	VÁZQUEZ OTERO	ELENA	36091043H	17,500
11	FERNÁNDEZ CAMBRA	PATRICIA	77005279Z	17,312
12	SUAREZ MARTÍNEZ	MARTA	53186869J	16,875
13	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	YOLANDA	36157312R	15,813
14	COSTOYA BELLO	GEMMA MARÍA	44848833Y	15,750
15	VÁZQUEZ MACÍAS	LUZ MARÍA	36140852D	15,062
16	FERNÁNDEZ IGLESIAS	ANA BELÉN	36112100F	14,625
17	VIEITES FREIRE	ADRIANA	45870228V	14,500
18	ÁLVAREZ DEL CAMPO	SEILA	36172939B	13,500
19	SESTELO FANDIÑO	ESTEFANÍA	35585341V	13,437
20	CAO MEITIN	SILVIA MARÍA	33995321X	13,250
21	DECABO QUINTELA	EVA	44498964J	12,562
22	DIZ MARTÍNEZ	YOLANDA	36134817T	12,500
23	CASTRO GARCIA	EMILIA	76711427X	12,125
24	SABUCEDO RODRIGUEZ	ELISA	53182699Y	12,125

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, polo técnico de

organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Diplomados/as en Traballo Social, ordenada por orde de puntuación de maior a menor, e que inclúe aos/as aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 27/02/2015, que forma parte inseparable do citado acordo, según relación seguinte:

Nº ORDE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	ANDRADE TELLO	MARTA	36147925K	19,937
2	SOTO GARCÍA	MARÍA DEL MAR	36140799W	19,687
3	CONS CASTIÑEIRAS	ALMUDENA	77409468R	19,187
4	DIAZ SANCHEZ	MARTA	36172105M	19,125
5	TORREIRO RODRÍGUEZ	TAMARA	45872713H	18,937
6	JUSTO RODRÍGUEZ	ÁNGELA	47361447P	18,812
7	MILETI RODRIGUEZ	EUGENIA	50752259E	18,125
8	GONZÁLEZ MORALES	SUSANA	36175037Q	17,937
9	BARRIL VÁZQUEZ	JESICA PATRICIA	36163533N	17,750
10	VÁZQUEZ OTERO	ELENA	36091043H	17,500
11	FERNÁNDEZ CAMBRA	PATRICIA	77005279Z	17,312
12	SUAREZ MARTÍNEZ	MARTA	53186869J	16,875
13	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	YOLANDA	36157312R	15,813
14	COSTOYA BELLO	GEMMA MARÍA	44848833Y	15,750
15	VÁZQUEZ MACÍAS	LUZ MARÍA	36140852D	15,062
16	FERNÁNDEZ IGLESIAS	ANA BELÉN	36112100F	14,625
17	VIEITES FREIRE	ADRIANA	45870228V	14,500
18	ÁLVAREZ DEL CAMPO	SEILA	36172939B	13,500
19	SESTELO FANDIÑO	ESTEFANÍA	35585341V	13,437
20	CAO MEITIN	SILVIA MARÍA	33995321X	13,250
21	DECABO QUINTELA	EVA	44498964J	12,562
22	DIZ MARTÍNEZ	YOLANDA	36134817T	12,500
23	CASTRO GARCIA	EMILIA	76711427X	12,125
24	SABUCEDO RODRIGUEZ	ELISA	53182699Y	12,125

Segundo.- Dispoñer que a referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(294).- PROPOSTA PARA APROBAR A BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DA LEI 7/2007 (EBEP), COMO AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS. EXPTE. 26378/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06/03, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 16/01/2015, aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no arti. 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, , do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), como Auxiliares administrativos/as, Expte. 26094/220.

Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

*Asi mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.*

A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento ou contratación cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 27/02/2015, formulou a correspondente proposta dos/as 49 aspirantes aptos para confeccionar a referida bolsa de emprego, segundo a seguinte relación:

Nº ORDE	APELIDOS	NOME	DNI/NIE	TOTAL
1	ROCHA GONZÁLEZ	EVA MARÍA DA	76994143X	20,5
2	CARBALLEIRA FERNÁNDEZ	NOELIA	32708122Y	19,88
3	ÁLVAREZ CANELLA	IRIA MARÍA	36132591M	19,5
4	OLMOS PITA	LUCÍA	33545516Q	19,43

Nº ORDE	APELIDOS	NOME	DNI/NIE	TOTAL
5	VIEIRA PARADA	ANA BELÉN	36134353L	19,29
6	CUADRADO SAAVEDRA	ALEJANDRA	32693847Z	19,25
7	GARCÍA NOVAIS	ISABEL	44832928V	19,06
8	MARTÍNS GARBÍN	PATRICIA	77006082N	19,06
9	NÚÑEZ AGUÍN	LEROY	77406650N	19
10	DOSANTOS LÓPEZ	VERÓNICA	39455057Y	18,93
11	CANOSA FERNÁNDEZ	CARMEN	35314350N	18,92
12	LORENZO PESQUEIRA	MIRIAM	35322653N	18,81
13	PARDILLA GAGO	RAQUEL	44079874Y	18,56
14	VARELA COSTAS	MARTA	36092432G	18,5
15	JORGE ÁLVAREZ	MÓNICA	36125647F	18,46
16	HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	GABRIELA	53183812S	18,43
17	VILA RODRÍGUEZ	ALDARA	53179938M	18,43
18	VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ	MÓNICA	36078630W	18,38
19	CARBALLO TRONCOSO	ALMUDENA	77004448B	18,29
20	PEQUEÑO RIOBÓ	ANA MARÍA	35310483D	18,29
21	PORTELA TEJERO	RAQUEL	36094388M	18,29
22	VEIGA GONZÁLEZ	NORMA BEATRIZ	76724912V	17,99
23	CARBALLO TRONCOSO	ROSARIO	77004895K	17,95
24	IGLESIAS LAMEIRO	BEATRIZ	76992449H	17,81
25	GÓMEZ MÍGUEZ	MARÍA JOSÉ	39465008K	17,71
26	CRUZ RODRÍGUEZ	MONTSERRAT	76997201D	17,7
27	ESTÉVEZ DOPAZO	ANA	78737657D	17,68
28	CASTRO CASTRO	CAROLINA	53176614Q	17,67
29	NÚÑEZ ABOY	NURIA	36084011R	17,67
30	GALLEGO SANTOS	RUTH M ^a	44458160B	17,59
31	CHAPELA GALLEGO	MARÍA DOLORES	78735695W	17,43
32	VILA RODRÍGUEZ	RAÚL	53183361R	17,31
33	RIAL REY	MARÍA	36158936S	17,11
34	SERRANO VILARIÑO	ELISABETH	77411978G	16,95
35	YÁÑEZ CES	CRISTINA	32711801M	16,88
36	CARRASCO COUSELO	MARÍA	35324527T	16,36
37	PÉREZ GONZÁLEZ	MARÍA CRISTINA	35998610E	16,27
38	LIJÓ RODRÍGUEZ	BLANCA	36123758G	16,24
39	JUSTO MÍGUEZ	SONIA	77410704H	15,89
40	CANTERO BENITO	M ^a CARMEN	12755685T	15,89
41	ACEVEDO POSSE	JAVIER	36176553Z	15,79
42	ALEJANDRE IGLESIAS	MARÍA SUSANA	35456985R	15,77
43	IGLESIAS CRESPO	PABLO	76723630T	15,64
44	LOSADA ARCA	MARÍA CATALINA	36087828T	15,54
45	RUBAL FRANCO	MARÍA TERESA	76417379V	15,31
46	FERNÁNDEZ IGLESIAS	BEATRIZ	36053544D	14,74
47	FERNÁNDEZ LÓPEZ	TERESA MARÍA	36089312N	14,57
48	PRIETO COLLAZO	RUTH	36158401D	13,88
49	UGARTE ALONSO	BEATRIZ	33439629K	13,67

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985,

de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Auxiliares Administrativos/as, ordenada por orde de puntuación de maior a menor, e que inclúe aos/as aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 27/02/2015, que forma parte inseparable do citado acordo, según relación seguinte:

Nº ORDE	APELIDOS	NOME	DNI/NIE	TOTAL
1	ROCHA GONZÁLEZ	EVA MARÍA DA	76994143X	20,5
2	CARBALLEIRA FERNÁNDEZ	NOELIA	32708122Y	19,88
3	ÁLVAREZ CANELLA	IRIA MARÍA	36132591M	19,5
4	OLMOS PITA	LUCÍA	33545516Q	19,43
5	VIEIRA PARADA	ANA BELÉN	36134353L	19,29
6	CUADRADO SAAVEDRA	ALEJANDRA	32693847Z	19,25
7	GARCÍA NOVAIS	ISABEL	44832928V	19,06
8	MARTÍNS GARBÍN	PATRICIA	77006082N	19,06
9	NÚÑEZ AGUÍN	LEROY	77406650N	19
10	DOSANTOS LÓPEZ	VERÓNICA	39455057Y	18,93
11	CANOSA FERNÁNDEZ	CARMEN	35314350N	18,92
12	LORENZO PESQUEIRA	MIRIAM	35322653N	18,81
13	PARDILLA GAGO	RAQUEL	44079874Y	18,56
14	VARELA COSTAS	MARTA	36092432G	18,5
15	JORGE ÁLVAREZ	MÓNICA	36125647F	18,46
16	HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	GABRIELA	53183812S	18,43
17	VILA RODRÍGUEZ	ALDARA	53179938M	18,43
18	VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ	MÓNICA	36078630W	18,38
19	CARBALLO TRONCOSO	ALMUDENA	77004448B	18,29
20	PEQUEÑO RIOBÓ	ANA MARÍA	35310483D	18,29
21	PORTELA TEJERO	RAQUEL	36094388M	18,29
22	VEIGA GONZÁLEZ	NORMA BEATRIZ	76724912V	17,99
23	CARBALLO TRONCOSO	ROSARIO	77004895K	17,95
24	IGLESIAS LAMEIRO	BEATRIZ	76992449H	17,81
25	GÓMEZ MÍGUEZ	MARÍA JOSÉ	39465008K	17,71
26	CRUZ RODRÍGUEZ	MONTSERRAT	76997201D	17,7
27	ESTÉVEZ DOPAZO	ANA	78737657D	17,68
28	CASTRO CASTRO	CAROLINA	53176614Q	17,67
29	NÚÑEZ ABOY	NURIA	36084011R	17,67
30	GALLEGO SANTOS	RUTH M ^a	44458160B	17,59
31	CHAPELA GALLEGO	MARÍA DOLORES	78735695W	17,43
32	VILA RODRÍGUEZ	RAÚL	53183361R	17,31
33	RIAL REY	MARÍA	36158936S	17,11
34	SERRANO VILARIÑO	ELISABETH	77411978G	16,95
35	YÁÑEZ CES	CRISTINA	32711801M	16,88

Nº ORDE	APELIDOS	NOME	DNI/NIE	TOTAL
36	CARRASCO COUSELO	MARÍA	35324527T	16,36
37	PÉREZ GONZÁLEZ	MARÍA CRISTINA	35998610E	16,27
38	LIJÓ RODRÍGUEZ	BLANCA	36123758G	16,24
39	JUSTO MÍGUEZ	SONIA	77410704H	15,89
40	CANTERO BENITO	Mª CARMEN	12755685T	15,89
41	ACEVEDO POSSE	JAVIER	36176553Z	15,79
42	ALEJANDRE IGLESIAS	MARÍA SUSANA	35456985R	15,77
43	IGLESIAS CRESPO	PABLO	76723630T	15,64
44	LOSADA ARCA	MARÍA CATALINA	36087828T	15,54
45	RUBAL FRANCO	MARÍA TERESA	76417379V	15,31
46	FERNÁNDEZ IGLESIAS	BEATRIZ	36053544D	14,74
47	FERNÁNDEZ LÓPEZ	TERESA MARÍA	36089312N	14,57
48	PRIETO COLLAZO	RUTH	36158401D	13,88
49	UGARTE ALONSO	BEATRIZ	33439629K	13,67

Segundo.- Dispoñer que a referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(295).- BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), COMO OFICIAIS PAVIMENTADORES. EXPTE. 26288/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/03/15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de RR HH conformado pola xefa de área e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

En oficio de data 9 de febreiro de 2015, o Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e o Enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, conformado polo Concelleiro-delegado de Fomento, solicitou ao Servizo de Recursos Humanos a iniciación dun proceso selectivo que permita nomeamentos interinos por acumulación de tarefas como Oficiais Pavimentadores/as, para garantir o desenvolvemento dos programas de mantemento e conservación dos viais municipais,

tendo en conta que a lista de reserva de *Oficiais Pavimentadores/as* correspondente á última Oferta de Emprego Público só está formada por tres persoas e resulta claramente insuficiente para acometer tódolos traballos solicitados, polo que resulta imprescindible iniciar o expediente administrativo para a elaboración dunhas bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, como *Oficiais Pavimentadores/as*, e que garanta cubrir as necesidades de medios humanos existentes no Servizo de Vías e Obras.

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 24 de febreiro de 2015, e toda vez que a lista de substitucións derivada da execución da última oferta de emprego público atópase esgotada na actualidade, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o inicio do expediente administrativo para a elaboración das bases reitoras e convocatoria do proceso selectivo a executar, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público ou a contratación laboral temporal prevista nos artigos 8.2 e 15.1 do Estatuto dos Traballadores e art. 3 do Real Decreto 2720/198, de 18 de decembro, e que posibilite unha proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas de oficiais de oficios, posto de oficial pavimentador/a e, a súa posterior adscrición ao Servizo de Vías e Obras.

Na última Oferta de Emprego Público convocada por este concello, tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como persoal laboral de dúas prazas de Oficial Pavimentador, unha pola quenda libre e a outra por promoción interna, que permitise o nomeamento interino dalgún/ha aspirante que tendo aprobados tódolos exercicios da oposición non obtivese praza, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, segundo consta na acta do Órgano de selección de data 29 de xuño de 2011. Neste intre a referida lista atópase esgotada, ben polas renuncias presentadas ou por que as tres persoas que figuran la lista non poden ser novamente propostas por levar menos de seis meses dende o último nomeamento, polo que non están en condicións de ser novamente nomeados/as.

En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamentos, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2, da Lei 7/2007, do 12 de abril, propoñéndose a selección entre os presentados/as a través de anuncio publicado nun dos periódicos de maior difusión da localidade, por motivos de axilidade e urxencia, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. - Consonte ao artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase

cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

II.- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

A vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo esixe como requisitos específicos para o desempeño do posto de traballo os seguintes:

-Estar en posesión do título académico oficial de Graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Como requisitos xerais para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do EBEP, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

-Estar en posesión da titulación académica oficial esixida.

III.- En canto aos órganos de selección de persoal das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc.), faise constar que estes deberán axustarse á configuración legal esixida no artigo 60 do EBEP, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o devandito precepto establece que:

“Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e se tenderá igualmente á paridade entre home e muller.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.”

Así mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio da mesma a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de Oficial Pavimentador/a, e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación dun extracto da mesma nun dos diarios de maior tirada da Provincia, así como da súa publicación íntegra no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 29 de xullo do 2014.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DA LEI 7/2007, DO 12 DE ABRIL, (E.B.E.P) PARA OFICIAL PAVIMENTADOR/A (SUBGRUPO C2).

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

E obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego de Oficiais Pavimentadores/as, que permita a cobertura interina de oficiais

pavimentadores/as prevista no artigo 10.1 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

II.- CONDICIÓN S DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuí r na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*
- b) Posuí r a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- e) Estar en posesión do título académico oficial de Graduado en Educación Secundaria obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, de fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo na data previa ao nomeamento como funcionario/a interino, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de Auxiliar Administrativo.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCION

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre.

IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio. - De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 25 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que integran o temario que figura anexo a estas bases, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

O órgano de selección, trala análise número e nivel de coñecementos dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.

Segundo exercicio. - De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou, realizar as tarefas que propondrá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a

menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A solicitude dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 5 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior tirada da Provincia. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base I anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental") e, no seu caso, do título CELGA 3 , ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial, ou técnico medio do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado nos Subgrupos A1 ou A2 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vogais:

-Un funcionario/a de carreira do Concello de Vigo, con titulación igual ou superior a esixida para o acceso ao grupo C2 de titulación, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous funcionarios/as do Concello de Vigo, dos seus organismos autónomos ou de calquera das Administracións Públicas territoriais, que dispoñan de titulación igual ou superior a esixida para o acceso ao grupo C2 de titulación, que comparecerán en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de

conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento ou contratación cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas.

T E M A R I O

- Tema 1.- A Constitución española de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais. Garantía e suspensión.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia . Principios xerais e estrutura.
- Tema 3.- Firms de estradas de base granular con tratamentos superficiais. Clases e experiencias.
- Tema 4.- Firms de aglomerado asfáltico. Clases e experiencias.
- Tema 5.- Firms de rixidos. Clases e experiencias.
- Tema 6.- Reforzo de firms. Avaliación de necesidades de reforzo. Reforzo de firms flexibles. Reforzo de firms semirixidos. Reforzo de pavimentos de formigón. Renovación superficial. Problemas construtivos.
- Tema 7.- Ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguíntes implantacións de servizos na vía pública: Sinalización e balizamento das ocupacións da vía pública.
- Tema 8.- Ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguíntes implantacións de servizos na vía pública: Reposición de pavimentos.
- Tema 9.- Ligantes bituminosos. Tipos e características.
- Tema 10.- Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(296).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 341/2014 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DE VIGO, NOS AUTOS 102/2011, EN MATERIA DE CANTIDADES (ROSA M^a MOLINOS CAMPOS). EXPTE. 26385/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/03/15 e a ampliación de informe-proposta da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 06/03/15, da xefa de negociado de Persoal-Seguridade Social conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En data 01 de marzo de 2012, o Xulgado do Social Nº 5 de Vigo, dictou sentenza (nº 190/12) no procedemento 102/2011, interposto por D^a Rosa M^a Molinos Campos, en materia de cantidades, na que se fallaba literalmente:

“Estimar la demanda interpuesta por Doña Rosa María Molinos Campos contra el Concello de Vigo, condenando al ente municipal a satisfacer a la actora la suma total de diez mil novecientos veinticinco euros con sesenta y tres céntimos de euro (10.925,63 €).”

2.- Con data 05/06/2014, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, díctase sentenza no recurso de suplicación 2874/2012, pola que se desestima dito recurso interposto pola representación letrada do Concello de Vigo, e confirma a setenza recurrida.

3.- Polo Xulgado do Social nº 5 remítese auto e decreto de execución de títulos xudiciais 341/2014, polo que se require a este Concello para que se execute a sentenza por un importe de 10.925,63 € en concepto de principal recoñecido a favor de D^a Rosa María Molinos Campos, máis outros 550 euros en concepto de honorarios de letrado fixados polo TSJ de Galicia.

4.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo das cantidades a percibir por D^a Rosa M^a Molinos Campos, correspondentes ao período 07/10/2009 a 10/04/2010.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución

Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1).

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, racionalización e sostibilidade da Administración Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 11.475,63 € (10.925,63 € de principal e 550 de honorarios letrado) con cargo á partida 92201410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais" e e da parte correspondente a seguridade social por importe de 4.206,37 € con cargo a partida 241016000, segundo o seguinte desglose:

Principal	COTIZACION		SS Empresa	SS Traball.	IRPF
10.925,63			32,10%	6,40%	15%
	07/10/2009 a 31/12/2009	4.881,66	1.567,01	312,43	732,25
	01/01/2010 a 14/04/2010	6.043,97	1.940,11	699,24	906,59
					1.638,84

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Dar cumprimento a execución do Xulgado do Social Nº 5 de títulos xudiciais 341/2014, no procedemento 102/2011 seguido a instancia de D^a Rosa M^a Molinos Campos (DNI 32450105-A) de recoñecemento de cantidades do período 07/10/2009 a 14/04/2010, por importe de 10.925,63 € de principal máis 550 € de honorarios de Letrado fixados polo TSJ de Galicia

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora D^a Rosa María Molinos Campos (699,24 €) e IRPF (1.638,84 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274, debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 64 034114: 9.137,55 € (8.587,55 €; 550 de honorarios letrado)

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría

Xurídica, Intervención Xeral, Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(297).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDAS DE FUNCIÓNS A DIVERSOS FUNCIONARIOS- 4º TRIMESTRE 2014. EXPTE. 26256/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/03/15, dáse conta do informe-proposta do 27/02/15, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“Informe:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares:

No ultimo trimestre de 2014, atopábanse vixentes as seguintes:

- 1. Encomenda de Funcións ao funcionario D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con nº persoal 23.627*

En resolución de data 12 de maio de 2008 do Concelleiro de Xestión Municipal encomendáse temporalmente a D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con posto de Administrativo de Admon Xeral, as funcións de dirección administrativa do Verbum, ata cobertura definitiva do posto.

As funcións de dirección administrativa do Verbum, debe entenderse no senso de realización das tarefas de dirección do Verbum, tendo en conta que dende a data da encomenda de funcións o posto de Director do Verbum atópase vacante, según escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerándose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras.

Na Resolución de data 12/05/2008, deu conta a Xunta de Goberno Local , na sesión de data 19/5/2008, recoñécese o dereito do funcionario a percepción dun complemento de produtividade que se determine conforme as vixentes Instrucións de Plantilla , previa proposta do Servizo

2. Encomenda de funcións D Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389

En data 1 de setembro de 2011, por Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, resólvese encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao funcionario D. Óscar Couce Senra, con nº de persoal 79.389, co posto de Xefe da Oficina Administrativa de Actividades e Instalacións as seguintes funcións:

- Coordinación, control administrativo e seguimento das actividades dos servizos do OA "Xerencia Municipal de Urbanismo", sen prexuízo da superior xefatura que lle corresponde estatutariamente á persoa designada como Xerente en relación coa dirección, impulso e inspección de todos os servizos, dependencias e unidades da Xerencia e do persoal que presta nela os seus servizos.
- As propias da Xefatura da Oficina da Concellería da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, baixo a dependencia directa da mesma.
- As funcións de colaboración que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ao cidadán, no ámbito competencial propio da Concellería de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos,

con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a supervisión directa da Concelleira Delegada de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos.

A encomenda realizada tten carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.

Así mesmo, no seu punto segundo recollese o dereito do funcionario a percepción dun complemento de produtividade que se determine conforme as vixentes Instrucións de Plantilla, previa proposta do Servizo no que se acredite e avalie favorablemente a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvoltas.

3. Encomenda de funcións D Jesús López Moure, Nº de persoal 77210.

Con data 19 de xullo de 2011, o concelleiro-delegado de xestión municipal resolveu encomendar, "as funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas, e asistencia á concelleira-delegada da citada área", ao funcionario D Jesus Lopez Moure, con nº de pèrsoal 77210. Así mesmo, neste decreto estipulábase que "as funcións desenvolveranse baixo a dependencia directa da concelleira-delegada da Área, quen deberá acreditar e avaliar a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvoltas, aos efectos de proceder eventualmente á tramitación do expediente administrativo de produtividade polo desempeño das funcións obxecto de encomenda"

Dita encomenda terá validez ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.

4. Encomenda provisional de funcións a D. Albino Rodríguez Ferreira, con nº persoal 77.274

En resolución da Alcaldía de 26 de outubro de 2010 otorgábaselle a D. Albino Rodríguez Ferreira o cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, ao estar vacante o posto e ata o

nomeamento de Presidente Titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Así mesmo, no punto Terceiro da devandita Resolución recollese que, en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño do cargo, o funcionario percibirá durante o período no que desempeñe as funcións de Presidente do T.E.A. , en concepto de produtividade e excluído do previsto nas Instrucións de plantilla, a diferenza que poida existir entre o complemento de destino e específico do posto do que é titular e o cargo para o que se lle nomea provisionalmente.

Así mesmo, o nomeamento, de carácter temporal, terá efectos unicamente durante o tempo necesario para a cobertura do posto segundo a modificación prevista no regulamento orgánico, circunstancia aínda sen resolver.

5. Produtividade D. Avelino San Luis Costas, con nº persoal 9.900.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou establecer para o funcionario D. Avelino San Luis Costas, xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400€, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente.

Dito complemento devengarase trimestralmente , previo informe acreditativo da especial adicación do funcionario no período correspondente.

6. Encomenda de funcións a D Daniel Alvarez Vazquez, con Nº de persoal 21686

Por Resolución de data 12/06/2014, encomendase provisionalmente ao funcionario D Daniel Alvarez VAzquez con nº de persoal 21686 , adscrito ao posto de administrativo no servizo de Benestar Social , as funcións correspondentes ao posto de Xefe de negociado no Servizo de Benestar Social, con carácter transitorio mentras non sexa cuberta a mesma polos procedementos legalmente establecidos.

Dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez ata que se proceda á cobertura do posto de xefe/a de negociado , e en todo caso ata 31 de decembro do 2014,.

En data 06/06/2014, realizase pola Intervención Xeral Reserva de crédito nº 34615 por importe de 1715.20 € con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 "Productividade do orzamento do ano 2014.

7. Encomenda de funcións a D Eugenio Falque Fontan, con nº de persoal 80495

A vista da solicitude do Xefe da Área de Fomento de data 14 de maio de 2014, no que se solicita ,a realización de encomenda da realización das funcións de Xefe de equipò do Parque mobil a D Eugenio Falque Fontan, (NP 80495), oficial de oficios adscrito ao posto de Xestor de acopios e custos e a instrucción de servizo de data 6/6/2014 do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, unha vez expedido pola Intervención Xeral documento contable Rc num 35783 por importe de 2.978,64 euros, coa finalidade de reservar o crédito necesario no orzamento do ano 2014 para o inicio da tramitación administrativa do expediente de referencia, por Resolución de data 27/06/2014 encomendase provisionalmente ao funcionario D Eugenio Falque Fontan, (NP 80495), oficial de oficios adscrito ao Parque Mobil, as funcións correspondentes ao posto de Oficial Xestor de acopios e custos, con carácter transitorio mentras non sexa cuberta a mesma polos procedementos legalmente establecidos.

A encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez ata que se proceda á cobertura do posto e en todo caso ata 31 de decembro do 2014, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo

8. Encomenda de funcións a D Francisco J Gutierrez Orue, con nº de persoal 13920

Por Resolución de data 12/06/2014, encomendouse provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Participación e Atención Cidadá, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma. Dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a sinatura da Resolución e dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos, do posto de xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2013, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Pola Intervención xeral expídesese documento contable nº 30380 por importe de 7680.20 € con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 "Productividade" do rozamento do ano 2014.

9. Encomenda de funcións a D Antonio Villanueva Guimerans, con nº de persoal 78152

Por Resolución de data 4/06/2014, encomendase provisional e transitoriamente ao funcionario Encomendar provisionalmente ao funcionario D Antonio Villanueva Guimerans , NP 78152, con posto Codg 222 "Adxunto ao Xefe do Servizo de Administración Electrónica", as funcións correspondentes ao posto de Xefe do Servizo de Administración Electrónica , con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección do Concelleiro Delegado de Administración Electrónica. Dita encomenda, de carácter provisional, ten validez e ata que se proceda á reasignación de efectivos ou incorporación do funcionario adscrita ao posto acumulado, e en todo caso ata 31 de decembro do 2014, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Pola Intervención xeral expídesese documento contable nº 15290 por importe de 9156.40 € con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 "Productividade" do orzamento do ano 2014.

Inclúense no presente expediente copia das distintas Resolucións anteriormente mencionadas.

Ata a data recibenronse no Servizo de Recursos Humanos as seguintes peticións de aboamento de complemento de produtividade :

- 2367-340.- Aboamento complemento de produtividade por encomenda de funcións 4º trimestre 2014 D Rosendo Covelo Roma
- 395-330 Solicitude de complemento de produtividade para o Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural por encomenda de funcións correspondente ao 4º trimestre 2014.
- 3749/550 - Informe produtividade TEACV 4º trimestre 2014
- 103303/301 Solicitude produtividade novembro- decembro 2014 por encomenda de funcións Xefatura negociado da Concellería de Política de Benestar
- 11585/77 Solicitude abono produtividade por encomenda de función D Francisco J Gutiérrez Orue 4º trimestre
- 7271/113 de data 13/05/2014 Produtividade 4º Trimestre Acumulación tarefas xefatura servizo informática
- 1574-107 solicitude de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas Oscar Couce Senra, no 4º trimestre respectivamente

- *Informes asinados pola Alcaldía Presidencia en data 09/02/, de solicitude de complemento de produtividade a D Avelino San Luis Costas*
- *Doc 150013418 Informe da Xefatura do Parque mobil de solicitude de aboamento de complemento de produtividade a D Eugenio Falque Fontan polas funcións encomendadas e realizadas no 4º trimestre 2014*

Comparten os criterios da Intervención Xeral en canto a necesidade de informe de fiscalización da Intervención Xeral e a retención de crédito pertinente, previa a Resolucións de encomendas de funcións, así como a autorización previa ao exercicio das funcións encomendadas, xa contemplado nas vixentes instrucións de plantilla, e de tal xeito se ven procedendo nas Resolucións asinadas neste exercicio orzamentario e anteriores.

A funcionaria que suscribe entende que deberíase proceder a revisión dos acordos previos a o ano 2012, fixando un marco temporal para cada un deles, tal e como se recolle nas instrucións de plantilla que sexa coincidente coa propia temporalidade do orzamento.

Así mesmo e como xa se mencionou con anterioridade, dado o escenario orzamentario actual, considerase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestruturación de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcións, e que, no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estritamente provisional.

As solicitudes de realización de encomendas de funcións deberán estar debidamente motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duración, imposibilidade de redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, asignación de funcións non atribuíbles a outros postos, xustificación da imposibilidade de realización das funcións e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc). e sempre que resulten axeitadas a clasificación, grao ou categoría profesional.

No caso de asignación de funcións de postos de categoría superior, poderíase contemplar a posibilidade de adscrición provisional por un período máximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcións do posto.

Por outra banda, nos acordos de encomendas de funcións non se contempla a delegación no Concelleiro da Área de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución das encomendas en canto a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas. Nestes intres, por parte do Servizo de Recursos Humanos estase a realizar a actualización e revisión das instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, tendo prevista a inclusión da devandita delegación nas mesmas.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase: o especial rendemento, dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.

O apartado terceiro da antedita Resolución especifica que en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño dos cargos, os funcionarios nomeados percibirán, durante o período que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade, excluída do previsto nas instrucións de plantilla, a diferenza retributiva que podía existir entre os complementos de destino e específico dos postos que son titulares e os cargos para os que se lles nomea provisionalmente e accidentalmente.

Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

En relación co incremento da xornada laboral susceptible de xustificar adicionalmente a efectiva realización dos traballos, debe sinalarse que os datos relativos a tal aspecto están á disposición da Intervención Xeral Municipal no Servizo de Recursos Humanos para calquera comprobación ou solicitude de aclaración adicional que se precise, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea

Así mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao

mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Deste xeito, nos expedientes e documentos anteriormente citados inclúese informe de petición de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcións correspondentes as funcións encomendadas, conformados polos respectivos concelleiros das Areas.

Dado que a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, segundo os datos obrantes neste servizo en canto a incapacidades temporais, vacacións, etc., as cantidades a percibir nos períodos sinalados serían as seguintes:

N.P.	Nome	Periodo	IT	A.P.	VAC	O p	IMporte
23627	Covelo Roma, Gonzálo	1/10-31/12/2014	1	0	1	1	2.024,49 €
79389	Couce Senta, Óscar	1/10-31/12/2014	3	2			1.755,25 €
77210	López Moure, Jesús	1/10-31/12/2014	2				1.817,20 €
77274	Rodríguez Ferreira, Albino	1/10-31/12/2014	1	22			2.463,59 €
9900	San Luis Costas, Avelino	1/10-31/12/2014	1				2.571,21 €
21686	Álvarez Vazquez, Daniel	1/11-31/12/2014	4	2			917,46 €
80495	Falque Fontán, Eugenio	1/10-31/12/2014	2	2			1.002,76 €
13920	Gutierrez Orue, Francisco J.	1/10-31/12/2014		5		4	1.884,87 €
78152	Villanueva Guimerans, Antonio	1/10-31/12/2014	2	5		1	2.275,50 €

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas nos períodos sinalados:

N.P.	Nome	Periodo	IMporte
23627	Covelo Roma, Gonzálo	1/10-31/12/2014	2.024,49 €
79389	Couce Senta, Óscar	1/10-31/12/2014	1.755,25 €
77210	López Moure, Jesús	1/10-31/12/2014	1.817,20 €
77274	Rodríguez Ferreira, Albino	1/10-31/12/2014	2.463,59 €
9900	San Luis Costas, Avelino	1/10-31/12/2014	2.571,21 €
21686	Álvarez Vazquez, Daniel	1/11-31/12/2014	917,46 €
80495	Falque Fontán, Eugenio	1/10-31/12/2014	1.002,76 €
13920	Gutierrez Orue, Francisco J.	1/10-31/12/2014	1.884,87 €

78152	Villanueva Guimerans, Antonio	1/10-31/12/2014	2.275,50 €
-------	-------------------------------	-----------------	------------

Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 16.712,33 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 "Productividade".

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(298).- PRODUTIVIDADE POR DIFERENCIA DE FUNCÍONS DE PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (SENTENZA 177/2005, DO 24 DE MAIO). EXPTE. 26276/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/03/15 e a ampliación de informe-proposta do 10/03/15, dáse conta do informe-proposta do 27/02/15, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

"Presentanse no Rexistro Xeral do Concello, doc 150002279 nos que os xefes de saída do Servizo de Extinción de Incendios solicitan se abonen o complemento correspondente a actividade realizada como sarxento durante o ano 2013, segundo Sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004, na que foi parcialmente estimada a pretensión exercitada polos recorrentes D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. José Antonio Villar Comesaña, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso, cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, reclamando o aboamento dun complemento de produtividade pola realización de funcións de superior categoría, ao desenvolver tarefas inherentes aos sarxentos.

Na dita sentenza se declarou o dereito dos mesmos á percepción do complemento de produtividade nos termos expostos na propia sentenza, ordenando a este Concello dispoñer os trámites necesarios para o aboamento das cantidades que correspondesen ás substitucións acreditadas polos recorrentes e que cumprisen as condicións expostas.

Plantexados perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo incidentes procesuais de extensión de efectos de sentenza polos funcionarios D Vicente Alonso Covelo, D Edelmiro Montes Iglesias, D Felix Lopez Landesa, D Jose Benito Villaverde Veleiro, D Jose Luis Fernandez Cabaleiro, D Jesus Lopez Riocabo e D Alfredo Cabaleiro Besada, o devandito organo xurisdiccional, en autos de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006 respectivamente, estima a pretensión dos solicitantes, entendendo que procede a extensión de efectos da sentenza referencia-

da, debendo o Concello de Vigo proceder á materialización da mesma en iguais termos que os consignados na sentenza.

Solicitado informe ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, en data 06/2/2015 informa que o número de horas e gardas realizadas por cada un dos solicitantes e a seguinte:

NOME	N PER-SOAL	N HORAS	N GARDAS
ALONSO COVELO VICENTE	20592	634	26+10h
ALONSO VILLAR JUSTO	20801	441	18+9h
FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	18508	720	30
FUENTES DOMINGUEZ JOAQUIN	78777	984	41
ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	79341	456	19
LOPEZ LANDESA FELIX	14090	1872	78
LOPEZ RIOCABO JESUS	20853	652	27+4h
RODRIGUEZ LAGO CARLOS	20669	824	34+8h
ROMERO IGLESIAS RAFAEL	20965	1132	47+4h
SOAGE BERMUDEZ HECTOR	77168	1032	43
VILLAR COMESAÑA JOSE A	21380	672	28
VILLAVERDE VELEIRO J.B.	14700	384	16

A sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 analiza o disposto nas Instrucións de Plantilla do Concello de Vigo na súa disposición terceira, onde se inclúe, con cargo ó complemento de produtividade (apartado B) :“o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos”.

No fallo da sentenza referida estímase que -en base ó previsto nas ditas Instrucións- os recurrentes teñen dereito a percibir un complemento de produtividade polas substitucións realizadas, sempre en canto poidan enmarcarse na condición de actividade extraordinaria, entendendo a sentenza que esta circunstancia concorre cando as substitucións realizadas superen un mes no período dun ano (fundamento xurídico 2º in fine).

Na sentenza consígnase expresamente a obriga de este Concello de dispoñer os trámites necesarios para o aboamento das cantidades correspondentes ás substitucións acreditadas.

O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignan; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

A vixente Constitución Española de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ó principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e

privadas- de prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada se consigna que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis

Por este Servizo de Recursos Humanos –e previa emisión do preceptivo informe de fiscalización da Intervención Xeral- estímase que os funcionarios beneficiados deberán percibir as cantidades seguidamente indicadas, segundo o cálculo realizado no Servizo.

2011	CD	IMPORTE	CE	IMPORTE	DIFERENCIA TOTAL MES
SARXENTOS	21	473,35	302	1627,63	
CABOS	18	394,79	303	1455,28	
					250,91€

DIFERENCIA MES	Precio por xornada	precio por hora
250,91	40,69	1,70

As cantidades a aboar a cada un dos funcionarios serían:

N PERSOAL	NOME	N HORAS	N GARDAS	IMPORTE
20592	ALONSO COVELO VICENTE	634	26 +10h	1.074,84 €
20801	ALONSO VILLAR JUSTO	441	18+ 9h	747,64 €
18508	FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	720	30	1.220,64 €
78777	FUENTES DOMINGUEZ JOAQUIN	984	41	1.668,21 €
79341	ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	456	19	773,07 €
14090	LOPEZ LANDESA FELIX	1872	78	3.173,67 €
20853	LOPEZ RIOCABO JESUS	652	27+4h	1.105,36 €
20669	RODRIGUEZ LAGO CARLOS	824	34+8h	1.383,40 €
20965	ROMERO IGLESIAS RAFAEL	1132	47+4h	1.919,12 €
77168	SOAGE BERMUDEZ HECTOR	1032	43	1.749,59 €
21380	VILLAR COMESAÑA JOSE A	672	28	1.139,27 €
14700	VILLAVERDE VELEIRO J.B.	384	16	651,01 €
				16.605,83 €

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.14100000-“ Indemnizacións por sentenzas xudiciais”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentencia nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso á percepción dun complemento de produtividade pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos no ano 2013, nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos no Auto

de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005, e consecuentemente dispoñer o aboamento das cantidades que se sinalan correspondente ás substitucións acreditadas polos recorrentes que superen un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.e prestar conformidade ao calculo que se desglosa a continuación , e que supón un total de 16605.83 €, con cargo a partida 9200.1410000, Indemnizacións por sentenzas xudiciais.

N PERSOAL	NOME	IMPORTE
20592	ALONSO COVELO VICENTE	1.074,84 €
20801	ALONSO VILLAR JUSTO	747,64 €
18508	FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	1.220,64 €
78777	FUENTES DOMINGUEZ JOAQUIN	1.668,21 €
79341	ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	773,07 €
14090	LOPEZ LANDESA FELIX	3.173,67 €
20853	LOPEZ RIOCABO JESUS	1.105,36 €
20669	RODRIGUEZ LAGO CARLOS	1.383,40 €
20965	ROMERO IGLESIAS RAFAEL	1.919,12 €
77168	SOAGE BERMUDEZ HECTOR	1.749,59 €
21380	VILLAR COMESAÑA JOSE A	1.139,27 €
14700	VILLAVERDE VELEIRO J.B.	651,01 €
		16.605,83 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(299).- DAR CONTA Á X.G.L. DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS:

A) TRASLADO PROVISIONAL DO EMPREGADO D. JOSÉ LUIS PÉREZ LÓPEZ AO ARQUIVO MUNICIPAL. EXPTE. 25917/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23.01.15, da xefa do servizo de RR HH que di o seguinte:

En escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello o 20/11/2014 (documento nº 140141363) o traballador municipal D. José Luis Pérez López, con nº de persoal 76565, auxiliar de servizos internos adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios solicita o seu traslado ao Arquivo Municipal.

Pedidos informes aos xefes dos referidos Servizos –Extinción de Incendios e Xefatura de Réxime Interior-, por ámbolos dous informanse favorablemente.

Considerando o disposto no artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en relación co artigo 20 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública- onde se prevé expresamente a posibilidade de trasladar aos funcionarios por necesidades do servizo a outras unidades ou departamentos respetando as súas retribucións e condicións esenciais de traballo- en relación coa Disposición Final Cuarta da citada Lei 7/2007; no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confiren á Alcaldía-Presidencia no art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade

da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 29/07/2014, sométese a súa consideración, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Dispoñer o traslado provisional do empregado municipal D. José Luis Pérez López, con nº de persoal 76565, auxiliar de servizos internos (código 136 dotación 18) adscrita ao Servizo de Extinción de Incendios (Código 213), sendo adscrito ao posto de Auxiliar de Arquivo (código 149 dotación 3) Servizo Arquivo Xeral (código 233), en atención á petición escrita efectuada polo mesmo e nos termos dos antecedentes e fundamentos do presente Decreto, desenvolvendo as tarefas inherentes ao seu posto de traballo, en dito servizo .

Segundo.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, xefes/as dos servizos correspondentes, Intervención Xeral, Concelleiros/as-delegados/as da áreas afectadas, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) así como ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 25.01.15 concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

B) NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS (ART. 10.1 D). EBEP), DUNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 26098/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23.02.15, do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data 13 de febreiro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 22 de outubro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 32.242,86€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 do vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á D^a. MARIA INÉS SAN MARTÍN BUSTABAD, DNI 32.686.550-F e, a D^a. ISABEL GONZÁLEZ SÁNCHEZ, DNI 36.151.568-F, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliar/Administrativo/a de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2008 e 2010, de conformidade coas bases xerais da mesma, o estar neste intre esgotada a lista de auxiliares de Administración Xeral.

Terceiro.- Autorizar o nomeamento como auxiliar de administración xeral dun/dunha terceiro/a aspirante, no momento no que algún/algunha deles/as reuna as condicións para ser nomeado/a, habilitando ao Concelleiro-delegado de Xestión Municipal para que por Resolución, da que se dará conta a Xunta de Goberno Local, efectúe o mesmo, da lista de substitucións de auxiliar ou si ésta se atopase esgotada, da lista resultante da derradeira oposición de administrativos/as de administración xeral, tendo en conta a similitude de funcións entre ámbolos, segundo as guías de funcións que para ditos postos foron aprobadas con carácter definitivo pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23 de decembro de 2005.

Cuarto.- Dispoñer que os nomeamentos indicados realizáranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social, cód. 301.

Quinto.- Establecer que a xonada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario.”

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso a do posto cód. 138-Auxiliar, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Con data 14/02/2015, a aspirante que figura no posto 23 da lista de substitucións D^a. Eva María da Rocha González, DNI 76.994.143-X, cumpriu o pasado día 14 de febreiro de 2015, o período mínimo de seis meses establecido no apartado d) do Art. 10.1. do EBEP, polo que neste intre está en condicións de ser nomeada novamente, procedéndose pola interesada a aceptación do nomeamento ofertado e acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, significando que nesta data ningún/ningunha outro/a aspirante das dúas listas reune os requisitos para ser novamente nomeado/a, ben por renuncia ou por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que finalizou o derradeiro nomeamento por acumulación de tarefas como auxiliares administrativos/as, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta, leva mais de seis meses dende que rematou o seu derradeiro nomeamento interino como auxiliar de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 25308/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 06/06/14, renunciando ao mesmo en data 13/08/2014, polo que nesta data está en condicións de ser novamente nomeada.

Á vista de todo o exposto, visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/02/2015, expte. 26098/220 e, as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, consideradas as necesidades existentes no Servizo de Benestar Social, existindo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria emitido pola Intervención Xeral en data 11/02/2015 que obra no expediente 26098/220, e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal e, a Resolución da Alcaldía de 29/07/2014, sométese a consideración do concelleiro-delegado de Xestión Municipal a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á D^a. EVA MARÍA DA ROCHA GONZÁLEZ, DNI 76.994.143-X, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliar de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Segundo.- Dispoñer que o nomeamento indicado realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscrita ao Servizo de Benestar Social, cód. 301.

Terceiro.- Establecer que a xonada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contárase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario.”

Cuarto.- O custo do referido nomeamento imputárase con cargo á partida 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratacións temporais- prevista no vixente orzamento, segundo informe da Intervención Xeral de data 11 de febreiro de 2015, que figura no expediente 26098/220”.

Da presente Resolución, da que se dará conta a Xunta de Goberno Local, notifíquese á interesada, Xefa do Servizo e Xefe da Área de Benestar Social, Xefa do Servizo de Recursos Humanos, Negociado de Persoal e Seguridade Social, Intervención Xeral, Técnico de Organización e Planificación de RR.HH e, Comité de Persoal, aos efectos oportunos, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes contando dende o seguinte a súa notificación, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito”.

Con data 27.01.15, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

29(300).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS (ART. 10. 1 D). EBEP), DUN OFICIAL SEPULTUREIRO PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. NÚM. 25785/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 6.03.15, do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data 17 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficiais Sepultureiros/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, contidas no escrito 8 de outubro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 33.480,00€, dos que 11.160,00€ corresponden ao presente exercicio e 22.320,00€ a o exercicio do vindeiro ano 2015, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas Oficiais Sepultureiros, por un período máximo de seis meses, á D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, DNI 36.055.110-B e, D. ALBERTO COSTAS VILLAR, DNI 36.125.772-S, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Oficial Sepultureiro, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, quedando pendente o nomeamento dun terceiro/a aspirante ó non reunir ningún deles as condicións para ser nomeado.

Terceiro.- Autorizar o nomeamento como oficial sepultureiro dun terceiro aspirante, no momento no que algún deles reuna as condicións para ser nomeado/a, habilitando ao Concelleiro-delegado de Xestión Municipal para que por Resolución, da que se dará conta a Xunta de Goberno Local, efectúe o mesmo, da lista de substitucións de oficial sepultureiro ou si ésta se atopase esgotada, da lista resultante da derradeira oposición de oficiais albañeís, tendo en conta a similitude de funcións entre ámbolos, segundo as guías de funcións que para ditos postos foron aprobadas con carácter definitivo pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23 de decembro de 2005.

Cuarto.- Dispoñer que os nomeamentos indicados realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e outras prestacións que correspondan.

tarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, sendo adscritos ao Servizo de Cemiterios (cód. 303).

Quinto.- Establecer que a xonada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase de lúns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garantan ós seus periodos de descanso regulamentarios.”

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso a do posto cód. 205-Oficial Sepultureiro, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Con data 03/03/2015, a aspirante que figura no posto 2 da lista de substitucións D. Esteban Fernando Comís González, DNI 36.102.567-L, cumpriu o periodo mínimo de seis meses establecido no apartado d) do Art. 10.1. do EBEP, polo que neste intre está en condicións de ser nomeado novamente, procedéndose polo interesado a aceptación do nomeamento ofertado e acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, significando que ata esta data ningún/ningunha outro/a aspirante reunía os requisitos para ser novamente nomeado/a, ben por renuncia ou por que aínda non cumprían o periodo mínimo de seis meses dende que finalizou o derradeiro nomeamento por acumulación de tarefas como oficiais sepultureiros, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto, leva mais de seis meses dende que rematou o seu derradeiro nomeamento interino como oficial sepultureiro (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 24886/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 28/02/14, rematando o mesmo en data 02/09/2014, polo que nesta data está en condicións de ser novamente nomeado.

Á vista de todo o exposto, visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2014, expte. 25785/220 e, as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, consideradas as necesidades existentes no Servizo de Cemiterios, existindo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria emitido pola Intervención Xeral en data 11/02/2015 que obra no expediente 26098/220, e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal e, a Resolución da Alcaldía de 29/07/2014, sométese a consideración do concelleiro-delegado de Xestión Municipal a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Nomear funcionario interino por acumulación de tarefas como Oficial Sepultureiro, por un periodo máximo de seis meses, á D. ESTEBAN FERNANDO COMÍS GONZÁLEZ, DNI 36.102.567-L, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Oficial Sepultureiro, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Segundo.- Dispoñer que o nomeamento indicado realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, sendo adscrito ao Servizo de Cemiterios, cód. 303.

Terceiro.- Establecer que a xonada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de lúns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo e que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios."

Cuarto.- O custo do referido nomeamento imputárase con cargo á partida 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratacións temporais- prevista no vixente orzamento (prorrogado para o presente ano), segundo informe da Intervención Xeral de data 07 de novembro de 2014, que figura no expediente 25785/220".

Da presente Resolución, da que se dará conta a Xunta de Goberno Local, notifíquese ao interesado, Xefa de Negociado de Cemiterios, Xefa do Servizo de Recursos Humanos, Negociado de Persoal e Seguridade Social, Intervención Xeral, Técnico de Organización e Planificación de RR.HH e, Comité de Persoal, aos efectos oportunos, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes contando dende o seguinte a súa notificación, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito".

Con data 8.03.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

30(301).- RECTIFICACIÓN ERRO ARITMÉTICO EN EXPTE.: 25095-220 E 26180-220 SOBRE RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL. EXPTE. 26301/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/03/15, da xefa do servizo de RR HH que di o seguinte:

"Con data 10/04/2014 e 04/02/2015 o Sr. concelleiro-delegado de Xestión Municipal dictou resolución pola que se recoñecía a D^a M^a José López Formoso (n^o persoal 76079) e a D^a Alicia Meiriño Fernández (n^o persoal 15817), respectivamente, a consolidación do grao persoal.

De ditas resolucións deuse conta a Xunta de Goberno Local en sesións de 15/04/2014 e 20/02/2015.

Detectado erro aritmético nas mesmas, dado que se lles recoñeceu o grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 22, cando debería figurar o 21, debe procederse a súa subsanación, de conformidade co disposto no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas, que establece que se poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

*Visto o réxime de atribucións recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; e nos termos do acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/07/2014, de delegación de competencias en materia de persoal, elévase ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**:*

Primeiro.- *De conformidade co previsto no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, proceder á corrección do erro aritmético detectado nas resolucións de datas 10/04/2014 e 04/02/2015 sobre recoñecemento de consolidación de grao persoal de D^a M^a José López Formoso (n^o persoal 76079) e D^a Alicia Meiriño Fernández (n^o persoal 15817), debendo figurar o correspondente ao “nivel 21”, en lugar das referencias ao “nivel 22” que figuran no texto.*

Segundo.- *Notificar a presente resolución as interesadas aos efectos oportunos, debendo darse conta á Xunta de Goberno Local.*

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

En data 04-03/15, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

31(302).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á IRMANDADE DE DEVOTOS DE SAN ROQUE. EXPTE. 90233/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral do 23/02/15, dáse conta do informe-proposta do 09/03/15, da xefa do servizo de Seguridade, conformado polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

“Segundo consta no expediente de referencia, a IRMANDADE DE DEVOTOS DE SAN ROQUE CIF G 36763225 constituíu garantía por contía de 3.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF n^o 201400057468 de data 13/08/14 , para responder dos posibles danos que se

derivasen da celebración DAS FESTAS DE SAN ROQUE realizadas en datas 15,16,17 e 18/08 do ano 2014 na finca de san roque e aledaños.

En data 19/08/14 , a IRMANDADE DE DEVOTOS DE SAN ROQUE CIF G 36763225 número de documento 140100151 solicita a devolución da citada garantía.

Solicitado informe á concellería de Fomento (vías e obras) , sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo , informa en data 15/09/14 ,que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

En data 19/9/14 número de documento 140112695 ,o consello reitor da Xunta de Compensación do PERI IV – 09 baixada a San Roque, achega escrito en relación a uns desperfectos producidos polas festas de San Roque.

Solicitado informe de novo a vías e obras no tocante á devolución do aval, este departamento informa en data 12/12/2014 que deberá ser o departamento OSPIO quen informe ao respecto.

En data 13/02/15, a enxeñeira técnica de obras públicas da Concellería de Fomento informa que “non existe inconveniente en proceder á devolución de aval en canto aos danos ocasionados dentro do PERI BAIXADA SAN ROQUE” ,ao constatarse que os danos teñen sido reparados, achegando reportaxe fotográfica dos traballos realizados para emendar as deficiencias mencionadas na queixa achegada en rexistro xeral en data 19/9/14 en numero de documento 140112695

Con data 24/02/15 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

DEVOLVER a IRMANDADE DE DEVOTOS DE SAN ROQUE CIF G 36763225 a fianza de 3000 € constituída para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración das festas de san roque realizadas en datas 15,16,17 e 18/08 do ano 2014 na finca de San Roque e aledaños.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(303).- PROPOSTA PARA ENCARGAR Á AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO PARA A “AMPLIACIÓN DE TELECONTROL NA EBAR CALZOA, EN CORUXO”. EXPTE. 3134/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da área de Fomento de data 09/03/15, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 04 de marzo de 2015 no que indica que se considera necesaria a "Ampliación do telecontrol na EBAR Calzoa, en Coruxo", e a Orde de Servizo do Concelleiro delegado de data 05 de marzo de 2015, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a "AMPLIACION DE TELECONTROL NA EBAR CALZOA, EN CORUXO" considerado de urxencia e execución inaprazable."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(304).- PROPOSTA PARA ENCARGAR Á AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO "MELLORA DA DRENAXE DA RÚA ARENAL, ENTRE OS NÚMEROS 88 E 96". EXPTE. 3135/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da área de Fomento de data 09/03/15, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE

CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 04 de marzo de 2015 no que indica que se considera necesaria a "Mellora da drenaxe na rúa Arenal, entre os números 88 e 96", e a Orde de Servizo do Concelleiro delegado de data 05 de marzo de 2015, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a "MELLORA DA DRENAXE DA RÚA ARENAL, ENTRE OS NÚMEROS 88 E 96" considerado de urxencia e execución inaprazable."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(305).- PROPOSTA PARA ENCARGAR Á AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO "AMPLIACIÓN E MELLORA DA EBAR DE TEIS". EXPTE. 3133/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da área de Fomento de data 09/03/15, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 04 de marzo de 2015 no que indica que se considera necesaria a "Ampliación e mellora da EBAR de Teis", e a Orde de Servizo do Concelleiro delegado de data 05 de marzo de 2015, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a "AMPLIACION E MELLORA DA EBAR DE TEIS" considerado de urxencia e execución inaprazable."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(306).- PROPOSTA PARA ENCARGAR Á AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO "MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS LOTAS E BREA". EXPTE. 3132/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da área de Fomento de data 09/03/15, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 04 de marzo de 2015 no que indica que se considera necesaria a mellora da rede de saneamento nas rúas Lotas e Brea, e a Orde de Servizo do Concelleiro delegado de data 05 de marzo de 2015, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a "MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS LOTAS E BREA" considerado de urxencia e execución inaprazable."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(307).- PROXECTO PARA AS OBRAS DE "REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE NO CÑO. PORTIÑO". EXPTE. 3079/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/03/2015, dáse conta do informe-proposta do 27/02/15, do xefe da área de Fomento asinado polo asesor xurídico de área e conformado polo concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

"1.- Antecedentes

Con data 14 de novembro de 2014, o Concelleiro delegado da Área de Fomento por delegación da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2014, adxudicou á Vilar Montoro Enxeñería a redacción do proxecto de referencia.

Con data novembro de 2014 a referida enxeñería entregou a este Concello o proxecto redactado por conta da mesma polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Luis Vilar Montoro asinado así mesmo polos técnicos municipais directores do proxecto.

A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, presenta o proxecto de REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE NO CAMIÑO PORTIÑO, redactado pola ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Luis Vilar Montoro e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, e polo ENXEÑEIRO TÉCNICO MUNICIPAL DE OBRAS PÚBLICAS D. Julio Carrasco Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DEZANOVE MIL NOVENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (119.096,61 €).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requerirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vilar Montoro da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

As accións que se levarán a cabo na rúa son basicamente as seguintes:

O ámbito de actuación centrase no Camiño do Portiño entre os números 72 e 74. Na actualidade o noiro existente sufriu un desprendemento de terras deixando desprotexida tanto a subabase como a base da calzada co conseguinte perigo que conleva.

Contemplanse as seguintes actuacións:

- Excavación a ceo aberto da calzada en toda a lonxitude que abarca o muro e retirada do material a vertedeiro autorizado para a cimentación do novo muro.*
- Execución de soleira de formigón HM-30/B/20/IIIa sobre o que apoiar as primeiras pedras para o arranque do muro.*
- Execución do muro mamposto de recortes de canteira con un mínimo de un mamposto por m² o tizón, reforzado con formigón HM-30/B/20/IIIa e seguindo proporción anchura/altura 2/3. Na coroación presencia como mínimo de dúas ou máis pedras. Rematando coa colocación dunha albardilla no borde máis exterior.*
- Instalada a tubería dren de PVC 160 mm rodeada de grava 10-30, procederáse ao recheo e compactación con material granular na súa parte próxima ao muro.*
- Posterior recheo e compactación (95% proctor modificado) de capa de zahorra artificial de espesor 25cm.*
- Extenderáse unha capa de rodadura densa de mbc AC22 bin 50/70 D de sete centímetros de espesor (7) previa aplicación do rego de adherencia termoadherente C6OB4 TER.*
- Finalmente procederase á reposición da bionda e a aplicar sinalización horizontal.*

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS MESES.

Terceiro.- Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Consta no expediente informe facultativo de supervisión do Enxeñeiro Técnico Municipal D. Julio Carrasco Rodríguez de data 11 de febreiro de 2015.

Cuarto.- Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica o previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Por isto o expediente debe ser remitido á Intevención Xeral por si, pola súa natureza, considérase previsto informalmente previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma

xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vilar Montoro por conta da consultoría VILAR MONTORO INGENIERÍA para a REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE NO CAMIÑO PORTIÑO, dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL e o ENXEÑEIRO TÉCNICO MUNICIPAL JULIO CARRASCO RODRIGUEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DEZANOVE MIL NOVENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (119.096,61 €) e un prazo de execución de 2 meses.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(308).- PROPOSTA PARA INICIAR E DESENVOLVER O PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO DE CONSTRINXIMENTO DE COTAS IMPAGADAS POR CONSUMOS DE AUGA NOS ANOS 2011-2012. EXPTE. 25909/700.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal que di o seguinte:

“Pola Dirección de ingresos do Concello de Vigo, remítense a esta Tesourería expediente 25909/700 de liquidacións de taxas en concepto de recibos por subministración de auga potable, servizo de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, cota de aboamento e utilización de aparatos de medida, correspondentes os periodos de facturación entre o 01.01.2011.e o 31/10/2012, aprobadas de conformidade co disposto na Ordenanza fiscal reguladora correspondente, que sendo notificadas regulamentariamente nas datas que se indican nas mesmas, como consta acreditado nos correspondentes expedientes que se achegan, non foron ingresadas no período voluntario, polo que interesa desta Tesourería o inicio dos correspondentes procedementos administrativos de constrinximento.

Estes expedientes teñen a súa orixe na petición formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga para a apertura do citado proceso recadatorio.

As citadas liquidacións, cuxo importe total ascende a 203.513,51 €, segundo relación que achega que comenza por A DESPENZA DO GALEGO SL e remata en YOLANDA MARTINEZ TORRES foron aprobadas por decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde en cada mes dos devanditos anos.

Con data 10 de novembro de 2014, o Director da entidade concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia-FCC Vigo UTE emite, en cumprimento do establecido nas cláusulas 68 e 69 do prego de condicións económico-administrativas polas que se rexeu o concurso para o outorgamento da concesión, certificación na que se fai constar que unha vez rematado o período voluntario de cobranza das liquidacións a que se refire o presente expediente, resultaron impagadas as correspondentes cotas tributarias.

A cláusula 67 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión, prevé que "Transcorridos tres meses a contar dende a finalización do período voluntario de cobro, o Concesionario presentará ó Concello relación de impagados que resulte incobrábel, ós efectos de que pola Administración Municipal se tramiten e aproben os correspondentes expedientes de constrinximento".

Pola súa beira, o artigo 167 da Lei xeral tributaria, dispón que o procedemento de constrinximento, iniciárase mediante providencia notificada ó obrigado tributario, que será título suficiente para iniciar o citado procedemento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.

E por isto que, en concordancia coa petición formulada pola entidade concesionaria ó Concello de Vigo, esta Tesourería, de conformidade co disposto no artigo 9.3 da Ordenanza Fiscal nº. 60 Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, propón a esa Xunta de Goberno Local, con carácter previo á apertura de expedientes de cobranza pola vía de constrinximento, a adopción do seguinte acordo:

Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 203.513,51 €, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación."

Acordo:

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

38(309).- APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDIO DE DETALLE NA AVDA. ATLÁNTIDA Nº 107, 109, 111. EXPTE. 14705/411.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 5.03.15, conformado polo director de Desenvolvemento Urbanístico, que di o seguinte:

O día 03.09.2014, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 140105332) o escrito presentado por D. Arturo Ramírez González, en representación da entidade "Vicus Vivenda, S.L." solicitando a tramitación do Estudo de detalle redactado polo arquitecto, D. José Antonio Comesaña, con visado do COAG do 01.09.2014 e achegando o informe da Oficina de Planeamento e Xestión de data 21.05.2014 emitido en resposta á Consulta urbanística especial sobre liña e rasante formulada pola solicitante (exp. 14518/411).

Obran no expedientes os informes do Servizo municipal de Medio Ambiente de datas 22.09.2014 e 23.01.2015 e do Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 04.11.2014.

O día 27.01.2015, o Topógrafo municipal emitiu informe de comprobación das cotas e rasantes da edificación sita en Avda. Atlántida, nº. 109, en Vigo.

O 02.03.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150024630) o escrito presentado pola mercantil peticionaria achegando documentación complementaria.

O día 05.03.2015 o Xefe de Desenvolvemento Urbanístico emitiu o informe que obra no expediente de referencia.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada.

-R.D.Lex 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo.

-Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

-Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

-R.D. 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

-R.D. 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión.

-Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL).

-RD.Lex. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

-Instrucción para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeorreferenciadas aos instrumentos de natureza urbanística do Concello de Vigo, aprobada pola Vicepresidenta da XMU en Resolución do 12.11.2014 (BOP nº. 238, do 10.12.2014)

-PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CP-TOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

II. Obxecto do Estudo de Detalle

O ámbito delimitado no Estudo de Detalle está integrado pola parcelas catastral 9444407NG1794S0001EZ da Avda. Atlántida nº.107 e parte da parcela catastral 9444406NG1794S0001JZ de Avda. Atlántida nº.109, clasificadas polo PXOM como solo urbano, coa categoría de solo urbano consolidado, e cualificadas coa Ordenanza 7 “Residencial de Media Densidade” e ten por obxecto reaxustar as aliñacións, de acordo co informado polos servizos municipais na Consulta urbanística tramitada no expediente 14518/411, co fin de dar continuidade ás definidas no PXOM. Tamén abrangue á parcela catastral 9444405NG1794S da Avda. Atlántida nº. 111, que non se ve afectada polo reaxuste proposto.

A necesidade dese axuste deriva do desencontro producido nas aliñacións reflectidas no plano 10-G da Serie 2 do PXOM e no plano de ordenación da «AOD-2-33», dado que a aliñación da parte da Ordenanza 7 segue a curva da calzada mentres que a da «AOD-2-33» sepárase lixeiramente ampliando a beirarrúa, dando lugar a unha desviación duns 8 metros metros, pois non existe punto de encontro entre ambas. Como resultado do axuste proposto, fíxase unha cesión para o viario público (a incorporar á beirarrúa) de 128,50 m2 no fronte da Avda. Atlántida, nº. 107.

Ademais, realízase unha proposta de ordenación de volumes que, de acordo co informado con data 05.03.2015 polo Xefe de Desenvolvemento Urbanístico, cumpre as condicións de ordenación da Ordenanza de aplicación nº. 7, nas parcelas da Avd. Atlántida nº. 107 e 109, sen que a edificación na parte da parcela catastral 944406NG1794S da Avenida Atlántida 109 cualificada coa ordenanza 7, en situación de fóra de ordenanza, figure na ordenación de volumes do Estudo de Detalle, xa que debe desaparecer coa nova ordenación.

Entre as dúas parcelas que integran o ámbito a edificación acaráse a edificación, tendo en conta que son a mesma propiedade, polo que cúmprese a condición dos artigos 9.7.7.2 b) e 6.3.13. debendo inscribirse no Rexistro da Propiedade tal condición nas respectivas parcelas.

*Tocante ao arborado presente na parcela nº. 109 da Avda. Atlántida, o Estudo de Detalle contén un anexo A.3. de Fichas de especies arbóreas existentes no que se relacionan un total de 76 elementos arbóreos que se sitúan así mesmo nos planos de planta ED-03 de “Estado de los terrenos, edificación, vegetación y usos existentes”, e ED-05ª de “Ordenación propuesta con alineaciones y rasantes” e que foi informado polo Servizo de Medio Ambiente o día 23.01.2015. No dito informe recomenda que na medida do posible deberá manterse o arborado existente que presente condicións fitosanitarias axeitadas, na superficie libre de edificación e que deba priorizarse a conservación dos exemplares de *Chamaecyparis thyoides* (falso ciprés blanco), propoñendo o mantemento dos situados nas zonas libres de edificación e o trasplante, na medida do posible, dos afectados pola actuación a outras zonas libres.*

Na documentación complementaria presentada pola solicitante o 02.03.2015, formúlase unha proposta de mantemento e transplante de determinadas especies arbóreas segundo recomendación da Oficina Municipal de Medio Ambiente.

III. Límites do Estudo de Detalle.

Os Estudos de Detalle en ningún caso poderán (Arts. 73.2 LOUGA e 65 RPU):

- a) *Alterar o destino urbanístico do solo.*
- b) *Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- c) *Reducir ou modificar as superficies destinadas a vías, espazos libres ou dotacións públicas.*
- d) *Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.*
- e) *Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- f) *Parcelar o solo.*
- g) *Descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- h) *Establecer novos usos e ordenanzas.*

Dada a súa natureza de instrumentos derivados ou complementarios, os Estudos de Detalle non poden ser utilizados de modo orixinario nin autónomo como figura de ordenación independente, senón que sempre presupoñen a existencia dun planeamento superior e previo. No presente caso, o Estudo de Detalle proposto depende xerarquicamente do PXOM/08 cuxas determinacións propias deberá respectar en todo caso, constituíndo un límite a súa utilización.

IV. Suficiencia documental.

Tocante á documentación esixible para esta clase de instrumentos, o art. 4.1.4 das NNUU do PXOM indica que deberán incluírse, como mínimo, os seguintes planos:

- a) *Plano de situación no Termo Municipal.*
- b) *Plano parcelario axustado á actual delimitación das fincas existentes, Escala mínima 1:500.*
- c) *Planos de ordenación vixente, que reflectan a do Plan Xeral.*
- d) *Planos actualizados do estado dos terreos, da edificación, a vexetación e dos usos existentes, Escala 1:500.*
- e) *Planos debidamente acoutados que reflectan con detalle a ordenación proposta, sinalando, como mínimo, as aliñacións e rasantes correspondentes á edificación e ao viario, Escala mínima 1:500.*
- f) *Cando se modifique a disposición de volumes deberá aportarse así mesmo un estudo comparativo da edificabilidade resultante por aplicación das determinacións previstas no Plan Xeral e das que se obteñen no Estudo de Detalle.*

Ademais, de acordo co previsto no Art. 66.1 do RPU, os Estudos de Detalle conterán tamén unha Memoria xustificada da súa conveniencia e da procedencia das solucións adoptadas.

A documentación achegada axústase á Instrucción para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeorreferenciadas aos instrumentos de natureza urbanística do Concello de Vigo, aprobada pola Vicepresidenta da XMU en Resolución do 12.11.2014 (BOP nº. 238, do 10.12.2014).

IV. Procedemento administrativo.

En cumprimento do disposto no artigo 86.2 da LOUGA, os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal os aprobará definitivamente coas modificacións que resultasen pertinentes.

Así mesmo, aprobado definitivamente, observarase o disposto no artigo 92 da LOUGA e remitirase copia dos acordos que se adopten aos Servizos municipais competentes por se procedera adoptar medidas para a conservación, mantemento ou traslado do arborado existente a zonas libres ou espazos públicos.

V. Órgano competente.

A competencia para a adopción deste acordo a ten atribuída a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no art. 127.1.d) da LRBRL, previa proposta polo Consello da XMU en cumprimento dos Estatutos da XMU.

Polo anterior, proponse a adopción do seguinte ACORDO.

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Estudo de Detalle “Reaxuste Aliñación Parcela” na Avda. Atlántida nº. 107 a 111, promovido pola mercantil “Vicus Vivenda, .S.L.” e redactado polo arquitecto, D. José Antonio Comesaña García, con visado colexial do 01.09.2014, de acordo cos informes técnicos obrantes no expediente,

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación da provincia, así como na sede electrónica do Concello de Vigo.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, entre os que se encontrará a propiedade da «AOD-2-33 MONTANA», coa indicación de que por tratarse dun acto de trámite non é susceptible de recurso ningún, sen prexuízo do disposto no art.107 da LRXAP-PAC.

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime máis conveniente.

Con data 13.03.15, o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(310).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos . Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.